A VOZ DE LENDA

DENDE 1989



Nº 34
XUÑO 2017

EDITORIAL

É de esperar que tras os avances sobre o maior coñecemento do mapa do xenoma humano, nun tempo por vir máis ou menos próximo, sexa posible erradicar moitas das enfermidades que a día de hoxe fan moitos estragos. Con iso pode chegar a ser viable que mediante o descubrimento de novas vacinas, e tamén de tratamentos farmacolóxicos, póñase solución máis ou menos estable ao que veñen en chamarse novas pandemias. E é probable que novos descubrimentos en nutrición e avances en endocrinoloxía poidan chegar a combater unha enfermidade do noso tempo chamada obesidade.

Tamén no horizonte dun futuro máis ou menos próximo é probable que tamén se fagan descubrimentos en endocrinoloxía e biomedicina. Pero co que se debe chegar a contar é cun debate ético nos que o médicos e investigadores fagan un congreso científico sobre o que é ético e o que non o é, xa que non todo vale en aras dunha saúde de maior calidade.

E no relativo ás novas tecnoloxías e a calidade de vida é probable que chegado a un tempo futuro non moi afastado veñan a realizar traballos cada vez máis perfeccionados feitos por máquinas e robots que fan o traballo para que o ser humano dispoña cada vez máis tempo e maior calidade de vida, podendo dedicarse a mellorar nas súas facetas máis vitais e culturais.

E no mundo da robótica é factible que nos fagan a vida máis levadía, con casas inteligentes onde leva un estilo de vida onde a tecnoloxía cohabite coa humanización do ser humano, xa que doutro xeito a vida faríase cada vez máis escrava. E en aras de que se tenda a convivir entre tecnoloxía e humanización sería bo que os sistemas educativos fixesen unha mirada sobre si mesmos para que me entre a autocrítica e tratar de avanzar cara a unha sociedade que madura entre as máquinas e o que de humanos vai distinguindo.

O EQUIPO REDACTOR:

Ana, Alberto, Brais, David, Ezama, Jaime, Juan, Xose Ant., Oscar, Patricia, Carlos, Ricardo, Baltasar, A. Costas, Jacobo, Elisa, Gabriel, Manuel, M.Prol, Yalanda, Benjamin, Maica, Quino, Xaquín.

COLABORADORES:

Carlos Torrado, Osacr Vivas, Javier Almagro.

DESEÑO GRÁFICO E COMPOSICIÓN:

Elisa, Oscar Gil, Ricardo, Ana, Xaquín.

PUBLICIDADE:

Juan, Jaime, Alberto, David.

CENTRO DE REHABILITACIÓN LENDA
RÚA REVERIANO SOUTULLO Nº 57
36800 REDONDELA
TELÉFONO: 986404200 - 653797090
CORREO ELECT.: asoclenda@gmail.com

CENTRO OCUPACIONAL LENDA
RÚA PREGO DE MONTAOS Nº 15-17
36800 REDONDELA
TE LEFONO: 886117419
CORREO ELECT.: lendaco@gmail.com

A Voz de Lenda. Xuño 2017 . 3€

COMO TROCAN OS TEMPOS

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Como trocan os tempos. Pasado, presente e futuro. Hoxe en día todo está mesturado, facendo a vida máis artificial e máis moderna se cabe. Estamos preto do ano 2020 e eu creo que a situación mundial trocará dun xeito máis globalizado aínda.

O que pasaba hai 20 anos non ten nada que ver co que ocorre neste futuro inmediato. Por exemplo fai 20 anos para ter unha colección musical necesitabas un andel cheo de discos. Agora todo cabe nun soporte tan pequeno coma un dedo que se chama "pen". É a modernidade.

Os coches non necesitan de combustibles contaminantes coma o gasóleo ou a gasolina, e, se me apurades un pouco diría que non xa non necesitaran condutor. As casas non necesitan de compañías eléctricas para poder vivir nelas, xa que teñen unhas placas solares para abastecerse por si solas da enerxía necesaria para o día a día.

Pensando no 2020 recordade que teremos unha serie de tarefas diarias que facer. Por exemplo o almorzo, pero a domótica da casa e os robots de cociña xa se encargan de elo. E así todas as tarefas caseiras. Indo aínda máis lonxe diría que teremos robots para todo, incluso para ter relacións sexuais. Si, crede o que vos digo.

O 2020 xa está aquí con todas as vantaxes do futuro inmediato que farán a vida sen máis alma. Nós polo menos así o pensamos.

AURORA BOREAL

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

El sempre soñara con poder gozar de contemplar o esplendor dunha aurora boreal, pero con todo era consciente da imposibilidade de gozar de tan magnífico espectáculo, dado que vivía nunha cidade onde isto non resultaba viable. Se cabreaba moitas veces consigo mesmo, e se auto maldicía por deixala partir a ela para realizar a viaxe que se lle facilitaría o contemplar o máis belo dos seus soños e que o non puido realizar.

Pasado certo tempo ela regresou, e na súa bagaxe traía nas súas pupilas dúas belas testemuñas do que si puido contemplar. Asistira en vivo e en directo ao espectáculo tan estrañado por el. E quizais debido a isto algo empezaba a interpoñerse entre os dous. A natureza premiáralle a ela e a el facíao desgraciado. Con todo el levaba con dignidade o que xa consideraba un infame castigo.

Pasaron moitos meses desde que ela regresara con tanta beleza ofrecida aos seus atónitos ollos. No fondo de todo case empezaba a odiala a pesar de amala moitísimo. E non deixaba de preguntarse como nacera este incipiente odio cara ela. Por que a odiaba se con anterioridade ata daría a súa vida por ela? Resultáballe case incomprensible que algo nacido da fugacidade empezase a corroer case de envexa a quen tanto amou.

Empezou a enfermar dunha dor que a todo antollábase un sen sentido. Sufría e ela ía morrendo un pouco cada día no seu fatigado corazón. Case a exiliaba da súa mente, cando algo inesperado aconteceu: "Un antigo amigo veu regalar dúas pasaxes para que ambos puidesen viaxar para contemplar unha nova paisaxe de aurora boreal".

Entón tanto el como ela souberon ao instante que nacera o un para o outro, e poder compartir o resto das súas vidas.

HOXE

Por *BRAIS LOURIDO MARIÑO*

Hoxe levanteime como tódolos días grazas á alarma que trae incorporada a miña cama. Vestinme e a continuación almorcei a toda velocidade. Hoxe tocoume ir traballar lonxe de casa, así que me teletransportei a Plutón, alí traballo como capataz nun edificio, se así se lle pode chamar, de mil duascentas trinta e tres plantas de altura. Tras rematar a miña media xornada laboral, uns robots preparáronme a comida, trouxéronme pastillas de pizza e algúns líquidos "hidropotenciados" para beber. Pola tarde seguín traballando no edificio, teño ao meu cargo preto de vinte máquinas autónomas que crean as divisións interiores a un ritmo de tres plantas e media por día. Un "roboalbanel" dirixiuse ao min para avisarme de que a limpeza da fachada exterior non se estaba realizando. Así que eu mesmo asomeime para ver o que sucedía cando un refacho de vento tiroume e caín. Seiscentas alturas de caída libre. Menos mal que os traxes de seguridade que temos traen incorporado un paracaídas, este abriuse automaticamente. Cando cheguei ao chan e levanteime volvín ao meu posto. Finalizada a xornada volvín teletransportarme a casa. Alí vin unha película mentres ceaba, deime unha ducha seca e para cama. Mañá será outro día.



BLANCO
SEGUROS
JOSÉ BLANCO PUGA
MEDIADOR DE SEGUROS
R. Soutullo, 23 - Apartado 81 - 36800 REDONDELA
Tel.: 986 40 08 42 - Fax: 986 40 51 23
e-mail: jose.blaco@agencia.axa-seguros.es

INVENTOS DO FUTURO XOGANDO A SER DEUS

Por *MANUEL GONZÁLEZ*

Sería interesante xogar co destino e as súas posibilidades fabricando unha máquina do tempo que puidera levarte ao futuro para poder entender algún dos erros que cometemos e volver ao pasado para emendalos. Como o noso futuro é moi incerto, a máquina serviríanos para poder avanzar un pouco cara el e poder observar o resultado de algunha das nosas accións e valorar a posibilidade de poder cambiar algo do que chaman "destino". Así sería a vida máis fácil e nos evitaríamos algúns sufrimentos, xogando un pouco a ser Deus.

Sería unha máquina na que poderían entrar incluso dúas ou tres persoas que tivesen un mal entendido entre elas ou un conflito máis grave no presente dese futuro ideal, que poderían resolver ou entenderse mellor entre elas.

Sería unha máquina parecida a un armario na súa forma, pero deseñada nun futuro afastado e case perfecto, unha máquina inventada por uns científicos xa moi experimentados e humanitarios. Intentarían que chegase ás persoas máis necesitadas da sociedade coa condición de someterse a varios de test psicolóxicos. Niso estaría o custe do uso da máquina, xa que serían científicos bondadosos e desinteresados. Nese caso tería un uso máis curativo e emocional que ambicioso no económico. Como se soe dicir, a saúde e harmonía entre as persoas é o primeiro.

Os que se desprazarían polo tempo levarían un pequeno aparato semellante a un móbil para avisar aos contados psicólogos especializados na máquina do tempo e na psicoloxía do futuro. Faríanlle unha formación para saber como utilizalo para poder usalo e avisar cando queren volver a ese presente mellorado e manterse en contacto cos especialistas. Así entenderíanse mellor a si mesmos, entre eles e incluso coas demais persoas.

HOME METÁLICO

Por *JOSÉ ÁNGEL BEMPOSTA*

Dia 23 de Febreiro do ano 2053, 9 da maña. Segundo o establecido hoxe espertei. Volvín á vida de novo como estaba previsto, aínda que non como home, senón como robot.

As miñas extremidades xa non son de carne e osos, se non que son de aceiro, o único que conservo de humano e a miña cabeza, a espiña dorsal e os órganos. Este experimento fíxose uns anos atrás, cando tiven un accidente. Como fora soldado, o exército pediu o meu consentimento para experimentar co meu corpo.

Estamos nunha era nova e escura para min. O 2053 é moi distinto ao 2017, estamos continuamente en guerra. Agora son o soldado definitivo, non teño fame, non me canso e son case indestrutible. España non é como a recordaba, agora hai violencia e terrorismo nas rúas.

E para iso estamos os homes de ferro que é como nos chaman moitos. Moitas persoas non están de acordo co exército e o seu experimento porque nos éramos antes finados e volvemos á vida con cirurxías prohibidas.

Pero eu e máis os meus compañeiros estamos contentos, e nos sentimos máis vivos ca nunca. Estamos nunha guerra continua. Xa non temos Rei. Ao Rei botárono fóra do país e agora manda Francia. España hoxe en día é un mal país. Realmente xa non é país, agora é unha provincia mala de Francia. A vida é dura aquí, pero teño que resistir, non me queda outra.

O FUTURO

Por *JUAN ÁLVAREZ IGLESIAS*

O futuro é algo incerto para min, podo telo todo solucionado no día, e dicir, as cousas claras, ou ser un caos, estar completamente descontrolado, depende coa perspectiva que me levante, e a solución que lle queira dar ao problema que me xurda e así me encontrarei mellor no que refire a miña persoa. Pero eu quero falar do futuro político, e é que con estas leis que nos impoñen, nos afunden na miseria, e con tanta modificación no hai quen as entendan. Nos están dando por tódalas partes e non estamos seguros nin nas escolas, nin na casa, nin na rúa. Isto parece cousa de non ter solución xamais. Creo que os políticos teñen que pórse de acordo entre eles, atopar solucións e darnos as directrices correctas, para saber por onde andar e non meternos en fregados, onde non hai saída. Votemos polos que nos aclaren as ideas , este sempre é o meu consello.



COPY C.B. REDONDELA
Pza. Constitución, 1 Entlo. 36800-Redondela
Tlf./fax: 986 40 43 49 // e-mail: copyredondela@hotmail.com
copias e impresiones
servicio de plotter
encuadernaciones
plastificados
servicio de fax
impresión de camisetas
tarjetas de visita
publicidad...

CAFETERÍA – CHURRERÍA
PEPE
A Xunqueira – Redondela

GRAZAS!



Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

No futuro todo parece máis doado. Pensar que coas máquinas todo será máis sinxelo. Que erro máis verdadeiro, tantas máquinas e todo será máis doado. O home terrícola estará extinguido. Onde antes traballaban oito persoas agora hai un aparello que fai o traballo deses oito operarios, nin fai falla pensar no futuro, xa pasa hoxe en día. E eu me pregunto se iso será bo, non só para que os traballos melloren en calidade ou cantidade. As máquinas non se cansan, as máquinas non collen baixas, as máquinas non se empreñan; e ante todas estas prerrogativas o empresario que vai facer? Pois non lle quedan máis opcións que apostar polas máquinas. Isto repercutirá no benestar da humanidade?

É así de sinxelo, e a todo isto, a raza humana se extinguirá no mundo laboral. Só vos deixo unha reflexión: isto que acabades de ler non o escribiu unha mente quente, senón que foi unha máquina.

Grazas!

BEBEDEIRA DE BELEZA

Por *RICARDO DOCAMPO*

Ao saír a camiñar todas as tardes ía pensando en se lle sairían ao encontro algunhas musas. Acompañábase da súa pequena harmónica, coa cal ía improvisando pequenas cancións. A cada paso dado seguíalle algunha que outra nota da súa harmónica. E coma se non fose con el esquecíase de que non tiña público para o seu intento de pequeno concerto.

Tentou compoñer algunha canción máis, pero entón algo lle fixo cambiar o rumbo do seu quefacer. Xurdiu entón o seu interese pola poesía, e como envolvido nun halo medio escuro medio lume fatuo, viña á súa mente versos envoltos nunha beleza de seda con tinguiduras de sombras chinesas. E como nunha especial tormenta de recordos, a poesía invadiu todo a súa ser. Que lle estaba sucedendo? As musas no seu capricho quizais lle enviaban un pequeno acio de rosas para xogar coa linguaxe, e compoñer todo canto lle enviasen envolvidos en xogos de luces e sombras.

O músico transformouse en aprendiz de poeta, pero case todas as musas leváranlle ao teatro onde bebía aos poucos o licor embriagador da beleza. Cal era o motivo da súa bebedeira de palabras e sons?

O TRABALLO NO FUTURO

Por *JUAN ÁLVAREZ IGLESIAS*

Chegados a este tempo xa non teremos que ir á oficina de emprego, o traballo xa no lo envían por un sistema remoto onde xa nos incorporamos ao oficio. É un almacén con grandes xanelas onde a ventilación é supercósmica, os utensilios de traballo están distribuídos en naves illadas, onde solo pode ir ó operario. Ficharemos por díxitos inscritos co noso carné e pasaremos o resto do día incomunicados cos demáis, centrados só no noso traballo que nos corresponde. Podendo subir chanzos segundo a nosa dispoñibilidade e aptitude no traballo. No tempo do almorzo teremos una hora de descanso onde poderemos escoller o menú que nos guste feito a base de pastillas as que poderemos disolver nun café ou tila preparada nun termo atómico. E poderemos fumar un cigarro de hidrocarburo se nos apetece ao rematar o suculento xantar. Reincorporarémonos ao noso traballo onde nos supervisará un inspector para ver si somos aptos. E continuaremos desenrolando o noso traballo ata a hora de fichar para a nosa saída. E así de luns a venres, descansando o sábado e o domingo, onde teremos tempo para nós. Este é o traballo no futuro marabilloso, máis sempre é marabilloso un futuro con traballo.

O FUTURO DA HUMANIDADE

Por *ELISA MÍGUEZ PINTOS*

No futuro haberá máis alimentos para comer e menos persoas con sobrepeso, porque estas se coidarán e farán máis exercicio. Terán máis saúde e menos enfermidades. Haberá máis médicos para axudar nos países máis necesitados. Haberá máis peixes no mar e menos contaminación en mar e terra. A contaminación no mar será controlada polos barcos pesqueiros e a Mariña.

Descubrirán algunhas vacinas para as enfermidades raras que hai hoxe en día, tamén para o sida.

Desexo que no futuro se respecten ás persoas maiores, que son os e as que non ensinaron cousas do pasado e que son os nosos avós e avoas, que viviron guerras e que mandaron aos fillos para defender o seus país, para que fosen libres dos caciques.

Haberá menos guerras e menos armas atómicas. Haberá máis xustiza para os asasinos, violadores, maltratadores, furtivos e traficantes de nenos e nenas e mulleres, que os poñen a vender os seus corpos por diñeiro e se non o fan as matan e as tiran nun colector de lixo e as violarán para que as outras non se neguen a facer o que eles queren. O futuro para estas mulleres é malo, porque non lles queda outro remedio, se non queren morrer de fame ou rematar sendo unhas drogadictas. As obrigarán a vender e consumir esta porcallada.

Espero que isto remate ben para elas e non para eles e que este negocio se vaia a pique. Pero hai moita xente que vive da droga, negocio que acaba con ricos e pobres e humildes. Aprovéitanse dos seus terreos para plantar estas plantas (coca ou marihuana, por exemplo) que se deberían utilizar como medicamentos para curar algunhas enfermidades e utilizalas para investigar enfermidades raras como as que hai hoxe en día. Penso que estas plantas deberían ser protexidas para a medicina.

Penso que isto é o que pode suceder nun futuro que vai para corto ou largo, pola xente que toma o camiño máis fácil ou o máis complicado, que remata coa morte ou a vida.

É marabilloso estar neste mundo.

RETRATO HIPNÓTICO

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

O cabalete descansaba como arrolado por un soño preguiceiro e quebradizo. O lenzo adaptábase a permanecer calado e anhelado de formas, cor e quizais algo que outro trazo o fixese viaxar dende a fantasía ata o terreo do veraz. As liñas íanse sucedendo unhas a outras de modo que case nos seus actos sacros ou máxicos íase perfilando un rostro aínda indefinido e sen concretar. Deste xeito o esqueleto dun rostro un tanto despistado ou divagador fíxome acordarme de Hamlet, só que ninguén parecía querer pertencer ao reino das formas e as liñas. De modo que o rostro ía cobrando cada vez máis forza e contidos. E como nunha batalla épica a cor e as liñas ían cobrando cada vez máis e máis corpo; de maneira que o lenzo ía seguindo a súa especial viaxe desde o branco níveo ata ter un contido cada vez máis perfecto.

O cabalete parecía espertar dun soño onde ninguén se parou a pensar na man que fai bailar ao pincel. O debuxante íase transformando en pintor e todo parecía que unha explosión de cor e formas percorría aos poucos o lenzo, que dunha maneira case máxica sufriu a experiencia de viaxar do branco á cor e as formas.

SESTA DUN POETA

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

Estivo a escribir durante horas, ata que un indiscreto sopor, acompañando dunha gran sensación de soño visitou a estancia onde se entregaba á súa melómana paixón. Os versos íanse ordenando na súa mente, tratando de atopar o camiño máis belo á súa expresión escrita, e en certo xeito a mestura de soño e poesía permitíalle visitar o parnaso inhabitable do seu desgarrado discurso poético.

Eran as catro dunha esgotadora tarde de palabras e viño rancio. Cría no seu foro interno ser posuidor dunha fórmula máxica que lle permitise atopar case sempre a métrica adecuada á súa batalladora galería de poemas almacenados na historia das súas tardes de sesta e viño. Onde con cada sorbo gozaba da cultura da nostalxia. Facía intención de escribir un poema, pero o que en realidade facía, era beber e durmir lixeiro. E mentres as palabras durmían. Todo pareceu tomar un cariz inesperado coma se un exército formado polas palabras máis belas e tenras invadise o país onde dormen os poetas. Quixo entón berrar, pero unha inesperada afonía impediulle nomear o máis amado por el: o espírito da poesía.

Levantábase e cada vez caía coma se dun pesado fardo tratásese. Creu entón experimentar un aumento de peso, debido á famenta maneira de concibir os seus poemas. Miles de minutos de tenrura eran vomitados tras sufrir un empacho de soño. Non era capaz de dar por finalizada a súa sesta, e o reloxo ía devorando a tarde da maneira máis atroz concibida pola súa esgotada imaxinación. Durmido e loitando por facer vencer á vixilia, calou do lugar onde as palabras tomaban formas cada vez máis poéticas. Todo tiña conexión cunha realidade que se inspiraba nas súas películas favoritas, ata que un desgarrado exército de poemas veu facer presente a súa realidade máis inmediata: puxera os seus pés no reino da tolemia, e o transcorrer do tempo colonizou cunha vasta intelixencia artificial.

O LEGÓN DO FUTURO

Por *YOLANDA IGLESIAS*

Imaxínache un legón como un robot que é capaz de abrir as regas e sachar as patacas para a recollida, desta maneira as persoas non teñen que agacharse e sufrir dores de costas.

O legón é controlado polas persoas que viven no campo a través dun mando con control remoto polo cal se mandan ordes que consisten en: elevarse, cravarse na terra (descender), levantar as patacas sen ferilas e transportalas aos capachos. Para iso o mando conta con diferentes direccións, cara adiante, marcha atrás, esquerda e dereita. Este é recargable grazas á batería que posúe.

Este robot pode realizar con facilidade a recollida de patacas, actividade que require un gran esforzo físico. Para iso é necesario estar en forma e moitas das persoas que viven no campo non a teñen debido á idade avanzada ou a que son demasiado novos para o devandito traballo Para un neno sería como un videoxogo, (no que xogaría con el), de maneira que podería atraer a súa atención para axudar nas tarefas do campo, así como ser unha motivación para os adultos para levar unha vida saudable, tendo a súa propia horta de alimentos afastados da contaminación da cidade e a súa tensión.

Ademais o feito de ser controlado por mando a distancia como os coches ou avións de xoguetes, fan que a tarefa sexa máis divertida , instructiva e produtiva xa que se recollerían maior número de patacas en menos tempo, non interferindo na vida laboral, persoal ou escolar.

Por último e o mellor deste novo legón é que pode ser controlado desde calquera sitio a través da aplicación móbil "campo a través" existente en varios idiomas, pola cal estableces un horario de recollida e podes observar como o legón realiza a tarefa e detela cando sexa necesario, avisándoche cunha alarma de sons campestres, unha vez finalizado o traballo.

OPINIÓN

Por *JOSE LUIS EZAMA FERNÁNDEZ*

Para ter unha idea de como podemos imaxinar e ver o futuro temos que situarnos no presente e non elucubrar demasiado sobre a actual situación que vivimos. Temos máis ben que ver as necesidades persoais e colectivas, ao fin e ao cabo estas son as que teñen que ser solucionadas. Esa é a miña idea de futuro. Sinxela, pero complexa e dificultosa para realizar.

Esquecéndose dun futuro psicodélico, buscando nel o absoluto e único, simplemente con oferta de mercado, a fin de contas é o que hoxe move gran parte da economía. Todo isto dito anteriormente, desenrola infinidade de instrumentos, elementos e todo tipo de aparatos para levar a cabo una especie de revolución tecnolóxica que tería que estar estreitamente regulada e orientada, e non mísiles nucleares, armas de destrución masiva e toda unha industria de videoxogos, etc.

O futuro está nas nosas mans e hoxe nas miñas, cun bolígrafo, para expresar o que vexo a diario, que é como se vai construíndo o futuro.

O que aquí ides poder ler é o resultado dun exercicio de imaxinación. De maneira grupal todas visionamos o futuro e de forma individual o pasamos a escrita. O obxetivo consiste en poder ver o futuro dende o prisma do presente, como se o estiveramos a vivir. Ver o futuro para vivilo como se fora hoxe, por iso todos os traballos están escritos en presente e aí está a dificultade.

Escollimos o ano 2040 por lonxano e a vez tan próximo, por ser un numero redondo e por que todas chegaremos a el vinte e tres anos máis vellas. Agora vos recomendamos que antes de ler fagades o mesmo exercicio, situadevos no ano 2040, pero non só serve con imaxinalo, tendes que vivilo.

2040

Por *ALFONSO COSTAS*

Hoxe cumpro 46 anos. Todo era moi diferente fai medio século. Agora todo é máis entretido.

Miña irmán foi mercar un pequeno agasallo para o meu aniversario, eu pedinlle un reloxo de pulso, o máis barato do mercado. Cando chegou, estaba abraiado, era moi bonito, probeino e dinlle as grazas.

Non teño traballo, pero vivo con ela e a súa parella. Ela ten moitos títulos e estivo en moitos lugares. Os ten no seu despacho biblioteca, todos estan clasificados en orde alfa-gama, e un robot encargase de distribuir os libros.

Vou coa miña irmá nun coche eléctrico a tomar un descafeinado feito con materia sintética. Despois imos ao zoolóxico que está suspendido no aire. Eu levo un móbil que funcionaba con enerxía solar. Os animais están personalizados xeneticamente e algúns clónanse e véndense a bo prezo. Polo camiño hai moitas cousas feitas de materiais moi sofisticados e resistentes, e as fachadas están a proba de graffitis. Encontrome polo camiño con turistas que veñen provistos de cámaras que sacaban fotos moi nítidas.

Por se vos interesa sabelo, xa non hai guerras nin conflitos de ningún tipo, os policías son inmortais e están conectados a ordenadores. Voltamos a casa no coche autónomo, e en cinco minutos quedamos durmidos.

É unha vida realmente marabillosa e perfecta.

Chegou un novo ano, xa estamos no 2040 e nestes últimos anos fixéronse grandes progresos científicos, aínda que sempre fun un apaixonado da ciencia cos anos desenrolei unha aversión ás novas tecnoloxías, si, os novos aparellos que se desenrolaron me parecen fantásticos, a cuestión é o uso que se está a facer deles.

Avances coma a nanotecnoloxía, órganos sintéticos, membros protéticos, dispositivos que nun principio desenvolvéronse para curar, nalgún momento a alguén se lle ocorreu comercializalas para outros usos, "chips" neurais para espertar pola mañá, próteses estéticas, lentes de realidade aumentada nos ollos, e demais despropósitos, todo elo implantado mediante cirurxía, incluso hai xente que chega á carecer dos seus membros sans para substituílos por este tipo de innovacións.

Sen embargo, existen movementos pacíficos que defenden a esencia biolóxica do home, non variar a súa natureza, diferenciar a maquinaria da humanidade, os implantes deben limitarse á cuestións de saúde, as persoas que realmente o necesitan. O obxectivo, impedir que grandes multinacionais, amparándose no libre mercado, proporcionen indiscriminadamente os dispositivos biomecánicos, con unha soa finalidade, gañar cartos.

Os gobernos préganse as corporacións, baixo o argumento de que favorece a economía, promoven estas prácticas, sempre beneficiando aos ricos e poderosos. Definen os movementos opositores como axentes antisociais, que están en contra do progreso, mans negras que pretenden destruír o construído, democracia e liberdade.

A sociedade se deteriora, ao producirse tensións entre os implantados e os humanistas, na rúa se producen enfrontamentos entre as dúas faccións, loitas ideolóxicas dos países desenrolados. De repente tópome rosmándolle a mocidade, sen comprender porqué mutilan os seus corpos, pode ser que sexa unha especie antediluviana, un ser de outra época e en realidade sono, doutro século, foi o tempo en que nacín e pasei a miña nenez e xuventude.

No espello vexo un ancián de pelo branco e cara engurrada cun espírito novo e forte, aínda que sexa a rastro, loito, uninme á resistencia, é a hora de actuar en prol da dignidade humana.

Por *ANTONIO SANTORIO*

Estamos no ano 2040, teño 78 anos e manteño todos os sentidos intactos, o meu fillo ten 53 anos e o meu neto 23, o mundo non para de cambiar e sempre para mellor. Xa non hai guerras, respéctanse todas as nacións e a fame foi erradicado do planeta. Os medios de transporte son todos eléctricos para non contaminar o aire. A enerxía que domina o mundo é a eléctrica, de aproveitamento solar na súa maioría. O deporte é unha parte moi importante para a fraternidade dos pobos e os deportistas xa non se dopan con sustancias prohibidas. As casas fanse con paneis de cristal e non teñen que pagar a electricidade, o auga e o seu mantemento. Xa non hai enfermidades incurables pois a ciencia está moi avanzada e a vida da xente é máis longa, satisfactoria e por fin feliz.

O Café da Vila

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Como ben sabedes a día de hoxe os teléfonos móbiles están integrados na pel das persoas. Os coches xa non van polas estradas senón que desprázanse voando. Non hai que ir ao médico nin ao hospital xa que temos o doutor na pantalla do ordenador, con vista raio láser se fai falla. As motocicletas non teñen guiador, nin freos de disco, sinxelamente van soas e non teñen límite de velocidade, poderíase dicir que van polo aire, falando metaforicamente. O cancro e o sida pódense curar cun par de pastillas e un vaso de xarope de vainilla. O carné de conducir se merca por trinta mil euros, iso si, para toda clase de vehículos. O xadrez é deporte olímpico e de masas. Traballamos dende a nosa propia vivenda cun simple dispositivo móbil que custa mil cincocentos euros. Dispositivo móbil que tamén vale para cobrar o soldo ou a pensión por adiantado. Se rompes un óso o arranxar coa soldadura intramuscular electrónica. Non hai que lavar a roupa porque sinxelamente xa non se mancha. Non hai gripe, nin pneumonía mortal, iso xa está superado. Non envellecemos ata os oitenta anos e a vida media é de cento vinte, non te cres isto verdade? E que estamos no ano 2040.

Ánimo, que todo é posible e pronto chega.

Por *BRAIS LOURIDO MARIÑO*

Nestes tempos que corren hai moitos cambios tecnolóxicos. Pola mañá espértome cun reloxo que proxecta cun feixe de luz a imaxe da hora sobre a parede e as tarefas do día, despois teño un aparello que me prepara o leite coa cantidade e temperatura ao meu agrado para almorzar mentres vexo as noticias no meu reloxo.

Despois dispóñome a ir ao traballo para o que teño que poñer unhas lentes con GPS para que me informen do tráfico e do traxecto máis rápido a seguir. O meu coche é eléctrico e ten conexión sen fíos permanente. Ao chegar ao traballo teño que poñer as miñas impresións dixitais para poder entrar. Na fábrica case todo o traballo é realizado por robots.

Xa de regreso a casa, a neveira encárgase de facer a compra, esta, tras examinar o contidos dos produtos que hai no seu interior, sabe o que eu necesito para a miña alimentación diaria. Programo a comida nunhas tarteiras e elas encárganse de preparala ao meu gusto. Para limpar a casa teño un robot que se encarga diso. A roupa que uso está feita dun material que non se mancha e ao irme para cama teño unha almofada que dá masaxes. Pero nestes tempos non todo é bo, tamén hai moitos males tales como o cambio climático, 4ºC máis de media anual que hai vinte e cinco anos, a contaminación, fai tempo que un non pode saír a rúa sen a mascara anti-polución obrigatoria, ou o sedentarismo, a obesidade xa é unha epidemia global.

Por *JOSE PAREDES CALVO*

Hoxe non existen os políticos, nin os gobernos, nin as monarquías. E cada un vai ao seu. Eu xa teño 63 anos e vou navegar nun barco co que quedei dende hai anos. Os peixes fai tempo que mutaron, son como glándulas mariñas. O sol solo sae dous días á semana e a lúa sempre é chea, que cousas!

As mulleres son moi lonxevas, a maioría conseguen superar os cen anos de vida. O traballo que teño é de cantautor e as letras das cancións, a diferenza de fai anos sempre fanse no idioma universal que é moi parecido ao chinés, as letras son de tódalas formas. Os coche son de metacrilato e funciona cun sensor especial que os fan completamente autónomos e as casa son de aluminio. A comida non é de especies animais senón que está elaborada de carbono.

M. VALLES
gestoría administrativa
GA
Avda. Ernestina Otero, 25 - 1ºF
Apdo. Correos 69
36800 REDONDELA (Pontevedra)
e-mail: mvalles@gestores.net
Teléf.: 986 400 032
Fax 986 400 940

2040

Por *ANA NIETO*

Hoxe levántome da miña cama con bo pé, como todos os días. Coloco a PPP (Pantalla Plana Portátil) na parede interior da ducha e vexo uns vídeos divertidos, logo vexo as noticias e sécome o pelo e ao fin, escoito música mentres me visto. Despois vou cara á cociña e prepárome o almorzo. Prepararmo é facilísimo, teño un robot cociña que se encarga de todas as tarefas alimenticias.

Cando termino recollo a PPP que levei á ducha, despégoa da parede e colócoa na cociña, onde me dan as noticias de corazón, moda, coches, investigación, etc.

A continuación dedícome aos meus quefaceres da vida diaria no centro, un megataxi é o encargado de recollerme e achegarme a Redondela, este está financiado polo goberno de Galicia e a min sáeme gratis todos os días.

O día termina e volvo para recollerme á miña casa. Vexo as chamadas telefónicas que realizaron os meus irmáns e a miña sobriña. E mañá pola mañá volvo ao centro moderno para realizar as miñas tarefas como sempre.

Por *ALBERTO LAGO*

Estamos xa no ano 2040 e eu convertinme nun pobre vello. Un vello alucinado e sorprendido polas novas tecnoloxías. A miña ignorancia é tal que por non ter, non teño nin tan sequera teléfono móbil.

O computador dáseme tamén moi mal, úsoo soamente para buscar información que teña que ver co xadrez. Sempre fun afeccionado a este xogo diabólico, enganchoume desde o primeiro momento en que o vin xogar. Segue sorprendéndome que a auga e a luz eléctrica chegue aos sitios máis insospeitados, ou sexa, que haxa auga corrente e electricidade para todos.

Hai diversos tipos de cancro que agora se curan sen apenas problemas. A sanidade subiu o nivel para curar certas enfermidades para as que non había solución fai vinte anos.

En canto aos coches, agora cos seus novos modelos son moito máis bonitos e sobre todo moito máis seguros, e non contaminan nada. En canto ao cinema, por exemplo, pódense ver películas en 3D en casa. Neste momento non hai case familia que non teña unha pantalla ultra plana grande que se desprega. Pero con todo isto a min ségueme gustando dar longos paseos ata a praia que é onde síntome realmente a gusto. Tampouco perdín o gusto pola lectura e aínda que os libros son caros procuro comprálos segundo os meus gustos e os meus intereses.

E aínda que segue habendo moito paro os traballos non escasean tanto como antes.

Por *JACOBO RGUEZ. COSTAS*

Hoxe levántome como cada día, facéndolle caso a un ordenador que tamén avisa para almorzar, a parte de avisar e preparar a comida e a cea. Vexo un pouco a tele entre cincocentos canais e fago un pouco de "zapping".

Diríxome ao traballo; a sala do lado, onde o despacho é de realidade virtual, é a responsable do meu bo facer. Ao saír de traballar paso dos cincocentos canais e decido ir ao cine; cousa que me leva ao garaxe para coller o coche eléctrico.

O regresar estou na cociña (con domótica intelixente) para beber e cear algo, e volver ao dormitorio, nel se prepara un novo día, entre outras cousas.

Amence cedo, o día é de fin de semana, toda a domótica do fogar cambia automaticamente, ten en conta o día da semana que é, e se teño que traballar ou non. No tránsito do mesmo decido ir a comer á praia, con crema facial factor cincuenta, gozo do momento, admirando o que co paso do tempo a penas troca.

2040

Por *JUAN ÁLVAREZ IGLESIAS*

Levántome como todos os días, vou ao Niza a tomar un descafeinado, disto encárgase a batidora multifuncional que se alimenta a pilas de plutonio e recárgase co sobrante das baterías, despois subo a casa e póñome a ver lávaa-televisión onde dan noticias en grao sumo variado, no medio fago un zume de laranxa, o espremedor vai conectado á fonte de alimentación da casa e absorbe a enerxía restante dos demais electrodomésticos, esperando que a fin de mes a factura se englobe no caderno incombustible onde van incorporados os gastos xerais. Importante que o consumo non sobre pase do límite de mil "rans", xa que isto me dará un aporte favorable, que me deixará a conta saneada.

A hora da comida preparo na cociña con batería inesgotable, un salpicón vexetariano a base de patacas e sustancia de grelos descompostos, que lle dan un aporte extra aos meus pratos.

Despois lavo os dentes con dentífrico branco nuclear para evitar as caries, e coidar as enxivas dos inconvintes da climatoloxía. Feito isto diríxome ao traballo, en bicicleta propulsada por anhídrido carbónico e déixoa no aparcadoiro destinado a usuarios imprescindibles. Despois incorpórome ao traballo, onde ao longo do día exerzo unha labor nada encomiable, dedicándome a comprobar que todo estea no seu sitio, e que as cláusulas me funcionen ben, esperando que sexa así tódolos días. E aí acábome encomendo.



2040

Por *JUAN PAREDES PORTELA*

Durante a parte final do mandato de Donald Trump, aproximadamente entre 2022 e 2023 e debido á forte represión á o que someteu ao mundo musulmán, estes desenvolveron unha variante moi agresiva e virulenta da gripe aviaria. Curiosamente só afectaba ao xénero humano, as aves eran portadoras pero inmunes, entre elas contaxiábanse rapidamente, pero nelas os síntomas non eran apreciables dado que o seu sistema inmunolóxico mantén o virus en pequenas concentracións. Utilizaron toda clase de aves migratorias: cisnes, patos, gansos, cegoñas, pombas entre outras, propagando o virus por todo o mundo en cuestión de 3 ou 4 anos. Eurasia, África e América estaban cheas de aves portadoras de virus. O primeiro contaxio a humanos coñecido produciuse en Alaska a uns cazadores que en 2023 abateron un ganso, tras tocar as mucosas do pico, o cazador, fregouse os ollos e a boca. O virus ten un período de latencia e incubación de aproximadamente 15 días, por tanto cando se tratou de tomar medidas de corentena xa era demasiado tarde porque todo o pobo xa estaba infectado. O primeiro caso documentado en España foi algo similar pero o portador foi unha pomba torcaza abatida en Andalucía. O último censo realizado en 2020 estimou a poboación mundial en 9.800.000.000 de seres humanos sobre a Terra pero ata aquí chegou o seu teito. Tras a gran pandemia estímase que apenas quedamos 1.000.000 de persoas en todo o mundo.

Pero o que nun principio foi unha catástrofe, agora en 2040 converteuse nunha auténtica bendición. Non sei por que pero eu sobrevivín, por ser inmune ou por non ter contacto co virus. En calquera caso tiven que facer un gran traballo, soltando aos animais retidos en zoolóxicos e granxas. Comezando pola Madroa en Vigo, posteriormente Cabárceno, Santillana del Mar, Bilbao, Barcelona, Valencia, Madrid, Lisboa, ou Porto, entre outros como numerosas granxas de vacún, porcino, caprino e outras cinexéticas de cervos, perdices ou coellos. Debido á falta de coidados humanos pódeselles ofrecer desta maneira unha vida en liberdade. Esta parte do meu traballo durou aproximadamente 3 anos para facer uns adecuados protocolos de soltas, dispersión e transporte, para por exemplo, xuntar grupos de especies con individuos escasos, por exemplo: trasladei aos rinocerontes africanos, hipopótamos, e elefantes africanos as marismas de Doñana; onde poden atopar aos seus conxéneres que estaban repartidos en zoolóxicos de toda España e Portugal. Os rinocerontes e elefantes asiáticos no estuario do Miño. Os elefantes ata entón recluídos nunhas poucas reservas e parques nacionais esparexidos por toda África volven a vagar libremente sen medo a ser tiroteados e sen límites postos polo home como cidades, estradas, terreos de cultivo, etc.

Actualmente completei ese traballo, pero agora estou coa segunda parte na cal xa levo outros 15 anos; ese traballo consiste en demoler de forma controlada os obstáculos artificiais das canles fluviais. As xigantescas centrais hidroeléctricas xa non nos fan falta, máis ben son un estorbo para favorecer aos peixes migratorios como o salmón, as troitas, anguías, lampreas, etc. Hai aproximadamente 7 anos completei o traballo na conca Miño Sil. Belesar, Peares, Albarelos, Santo Estevo do Sil, entre outros.

Quedaron reducido a cascallos e agora forman parte do leito do río. Agora os salmóns chegan Miño arriba ata Lugo, e polo Sil case ata Ponferrada. Agora desde hai algo máis de 3 anos estou a realizar o mesmo proceso na conca do Douro e no Ebro teño un dobre que está a facer un traballo como o meu.

Somos menos, pero vivimos mellor. Hai moitos máis recursos para os sobreviventes. Os océanos recupéranse da sobrepesca, especies ameazadas coma o atún vermello dan sinais de volver recuperarse, a pesar diso máis da metade das especies de grandes baleas extinguíronse, pero as que non, van recuperándose lentamente. A cordilleira cantábrica volve contar cunha gran poboación de bisontes, procedentes de Cabárceno e outras reservas de Cantabria e Pireneos. Os animais domésticos volven aos seus costumes ancestrais, tras a solta das granxas, grandes mandas de vacún, cabalos, ovellas e porcos deambulan por tres cuartos do norte peninsular. Posto que case todo o terzo sur é un inhóspito deserto, excepto a zona atlántica limítrofe con Portugal, todo o levante é un deserto excepto as zonas montañosas e as proximidades dos ríos onde hai vexetación. Soamente esas zonas son medianamente habitables.

Ademais debida á escasa actividade humana, apenas hai incendios, en Galicia debido a este último fenómeno, paralizouse a expansión dos eucaliptos e entre os cales as propias árbores autóctonas comezan a gañar terreo proporcionando ademais alimento á fauna: castiñeiros, carballos, faias, teixos, freixos e piñeiros vermellos avanzan entre a matogueira e os eucaliptos. As grandes extensións de cereais de Castela, comezan a recuperar lentamente o seu antigo bosque aberto (devesa, bosque mediterráneo) salpicado de pastos, piñeiros, aciñeiras, sobreiras e caxigos.

As zonas próximas ás grandes cidades en ruínas, convertéronse en territorios perigosos, onde se concentran os depredadores sobreviventes á solta dos zoolóxicos, os cales proliferaron en gran medida grazas á gran cantidade de carne humana dispoñible tras a pandemia. Leóns, tigres, osos, voitres, corvos, cans salvaxes e lobos, aniñan e acubíllanse nas ruínas de Barcelona, Madrid, Valencia, O Porto ou Lisboa. Tras a gran abundancia de carne humana despois da pandemia, comezou a escaseza desta, polo que aos poucos os carnívoros volven penetrar no campo e nos bosques, regresando aos seus antigos costumes, xa os vin atacando a gando: ovellas, cabras, porcos, cabalos, máis fáciles de atrapar que as especies salvaxes como cervos, corzos ou xabarís.

Para os homes a vida é algo máis dura, pero gozamos dos privilexios doutras persoas, bos coches, maquinaria agrícola, conserváronse pequenas minicentrais eléctricas, como os aeroxeradores e pequenas centrais instaladas en muíños de auga, desta forma podemos gozar do privilexio da electricidade aínda que pareza que regresamos á prehistoria, as pequenas e dispersas poboacións humanas gozan de boa sa-

Moliere
Librería Papelería
Rúa Pai Crespo, 1 - Telf./ Fax: 986 40 47 54
36800 Redondela (Pontevedra)
e-mail: libreria.moliere@hotmail.com

TEJO | Calle Pai Sarmiento, 2 - Teléfono 986 402 254
36800 REDONDELA / TALLERES PROPIOS
www.facebook.com joyeriarelojeriatejo
e-mail: tejogerardo@hotmail.com

2040

Por *ADA ESCONTRELA*

Día 14 de agosto, cumpro corenta e oito anos e o mundo está moi cambiado. Os armarios van por "bluetooth", conéctanse ao celular e pódese elixir roupa segundo a temperatura, o clima e a estación do ano. Danche consellos de cal é apropiada para ese momento. Os celulares conectan cun "chip" na cabeza para usalos co pensamento, por exemplo pensase en falar con alguén, e xa chama directamente, se non sabes o número da persoa búscache o nome, os apelidos e a foto, e decide chamar.

Cando vas a unha cafetería, non hai periódicos de papel, son táctiles e con pantalla full "HDA" ou "HDZ" e ves os vídeos en "40K". Os cafés fanse con graos de semente de liño ou de froitos secos, con acidulante, e as máquinas para facer o café incorporan pantalla táctil. En vez de botarlle o sal ás comidas, bótaselle especies areosas.Os porcos, vacas, ovellas, cabras, cabalos, etc. Non se comen, téñense de mascotas. Somos vexetarianos. As camareiras e caixeiras son robots e pídese cos pensamentos, o leite faise con area en po, e si admítese polvo como animal de compañía. Os animais que eran agresivos agora son mansos, os animais adéstranse co pensamento, grazas ao "chip" que temos os seres humanos e os animais, xa hai cura para as enfermidades metais e víricas coma o VIH.

É un mundo marabilloso porque non hai guerras, nin asasinatos, nin violacións, nin pederastas, Etc. Non existen os cartos, senón o tempo, que se intercambian con outras persoas. E non existen traballadores, agora son as máquinas autónomas as que realizan tódalas funcións nas cadeas de produción.

2040

Por *PATRICIA C. DE OYA*

Ao longo deste ano haberá moitas novidades, como relo-xos de pulseira moi modernos e os últimos libros, revistas e librería0s desaparecerán do mercado. Podemos ser astronautas e visitar a lúa cando nos apeteza como forma terapéutica. É todo moi divertido, non existen as drogas, nin os comercios, nin as papelerías. Hai cada vez menos mortes e menos presos nas cadeas.Hai moitas formas de parir un fillo e sen dor. Pero en cambio, hai igrexas para rezar e cren en Deus, un día baixará do ceo, para bendicirnos a todos e desexarnos unha longa vida, con moita saúde. Non hai separacións nin divorcios, hai distintos amores para toda a vida. Existe menos o odio e o rancor, xunto á vinganza e sentimentos negativos. Hai máis optimismo a verdade sexa dita. E os xaponeses inventaron robots, que resolven todas as tarefas domésticas. Non existe tanta mortalidade. Dende agora, seremos inmortais e seremos todos bos aos ollos de Deus. A natureza non vai extinguirse, nin os animais. Vaia vida!

POR *MARÍA PROL*

Abro os ollos pola mañá, teño un reloxo que me fala e di que comeza un novo día de traballo, a data e hora que é, que a cafeteira está lista e a roupa preparada, pois teño un robot que xa a seleccionou do armario e xa a colocou na cadeira. Fíxome unha selección para ir ben combinada, un traxe gris de saia e chaqueta, cunha blusa rosa, bolso gris de pel de serpe e uns zapatos a xogo.

Vou directa á oficina. Normalmente vou andando porque penso que é máis san para a miña saúde. A rúa por onde paso está chea de xente de tódalas razas paseando ou dirixíndose aos seus traballos. O meu traballo é programar ordenadores.

Estamos nun presente cheo de sorpresas, pois os coches elévanse para ir dun lado a outro, mercamos comida que se cultiva nas terrazas das cidades, a maior parte dela cultivada con sementes híbridas e modificadas xeneticamente. Desta maneira hai moitas clases de alimentos.

Pero nesta era tamén hai moitos alimentos feitos a partir de químicos nos laboratorios.

Moita xente se alimenta deles porque son máis cómodos e máis baratos. Eu prefiro ir mercar aos das terrazas porque me recordan ás hortas que tiñamos non fai moitos anos. Poucas aldeas quedan hoxe en día, todo o mundo vive nas cidades.

Cando saio do traballo regreso á miña casa. Menos mal que xa está limpa, pois xa a limpou o robot que pola mañá me seleccionou a roupa e que me ten a comida tamén feita e lista. Case sempre me sobra tempo no día e aproveito para tomar o sol, debuxar, pintar, facer pasatempos, falar cos meus fillos e estar coa miña parella. Podo desfrutar do meu tempo sen andar a correr, a casa é autónoma e só se traballa de mañá, así podo desfrutar máis dese tempo que paso cos meus netos. Estudo idiomas (inglés, francés e alemán á vez) cun método moi avanzado, para poder así comunicarme con moita xente.

Neste presente que vivo, gústame soñar cun futuro no que poida alongar a miña vida máis tempo e poder ver envellecer aos meus fillos e netos xunto á miña parella.

2040

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

Agora vivo moito máis tranquilo, vivindo de forma máis levadía, e con moito sentido do humor, a pesar de ter todo o cabelo branco e o gran paso dos anos.

Espertou o rosmón que durmía no meu interior, esperando saír á luz con un belo amencer. Xa roldo os oitenta anos.

Os largos paseos pola praia aproveitando o tempo para dar o mellor de min mentres busco noticias inspirando para cando eu estea escribindo ou pintando. De maneira que cada debuxo leve impregnado un pouco do meu neno interior, en cada frase escrita que de min xurdan luces tras as sombras que pouco a pouco haxa podido ir vencéndoas a través dunha escritura cada vez máis serena e plena.

Agora xa conseguín sorrir á vida. Que na súa grandeza a vida tamén me sorrí de maneira serea e plácida, con chiscos, festividade, ilusións e sonos tranquilos.

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Como ben sabedes a día de hoxe os teléfonos móbiles están integrados na pel das persoas. Os coches xa non van polas estradas senón que desprázanse voando. Non hai que ir ao médico nin ao hospital xa que temos o doutor na pantalla do ordenador, con vista raio láser se fai falla. As motocicletas non teñen guiador, nin freos de disco, sinxelamente van soas e non teñen límite de velocidade, poderíase dicir que van polo aire, falando metaforicamente. O cancro e o sida pódense curar cun par de pastillas e un vaso de xarope de vainilla. O carné de conducir se merca por trinta mil euros, iso si, para toda clase de vehículos. O xadrez é deporte olímpico e de masas. Traballamos dende a nosa propia vivenda cun simple dispositivo móbil que custa mil cincocentos euros. Dispositivo móbil que tamén vale para cobrar o soldo ou a pensión por adiantado. Se rompes un óso o arranxar coa soldadura intramuscular electrónica. Non hai que lavar a roupa porque sinxelamente xa non se mancha. Non hai gripe, nin pneumonía mortal, iso xa está superado. Non envellecemos ata os oitenta anos e a vida media é de cento vinte, non te cres isto verdade? E que estamos no ano 2040.

Ánimo, que todo é posible e pronto chega.

Por BENJAMÍN NOGUEIRA CASÁS

Érgome ás nove da mañá, preparo a comida para as galiñas. Vou correr por Cedeira e despois dúchome. Penso que é bo facer deporte nestes tempos que corren, pero molésta-me un pouco o cheiro a mar contaminado. Fago o almorzo para min e cunha orde verbal acendo o ordenador e falándolle vou buscando algún programa ou algunha canle interesante. Decido deixar as novas do telexornal onde aparece o presidente do goberno falando dos problemas de escaseza de auga, do envellecemento radical da poboación e dos novos colectivos emerxentes de persoas en exclusión social. Despois de ver o ordenador-televisión coa miña irmá Merchi, imos traballar ao campo. Nos traballos do campo contamos con algunha máquina de tecnoloxía punta que realizan as tarefas agrícolas con só falarlle, como unha cortadora de canotos de millo ou unha repartidora de abono. Cando rematamos de traballar no campo imos para casa a facer a comida.

Veñen de visita á casa a miña irmá Marta, o meu cuñado Carli e o meu sobriño Manuel. Comemos mentres Manuel nos fala da "Nova Guerra Mundial" que se ven desenrolando no continente asiático, de onde volveu por estar ferido. Tamén nos fala da contaminación do mar e que ten unha horta. Falamos dos transxénicos que xa están moi estendidos no país e incluso dos problemas que nós temos para obter alimentos de calidade. Falamos da polución en Redondela, dos problemas para atopar traballo e do terrorismo a nivel mundial.

Collemos os coches despois de comer, coas baterías xa cargadas no garaxe. Imos en coche ao monte, deixámolos aparcados e imos dar unha volta pola senda da auga. Xa case ninguén fai isto, xa case ninguén sae de casa por medo á contaminación. O monte está moi descoidado. Imos ás mesas e ao miradoiro, os lugares onde adoitábamos ir cando eramos pequenos. Antes de que se faga noite volvemos para a casa.

Chegamos a casa e acendemos de novo o ordenador-televisión. O telexornal fala da deforestación a nivel mundial, dos avances tecnolóxicos, dos atentados (numerosos) en Europa e da o parte da "Nova Guerra Mundial" e a listaxe de falecidos. Despídome do meu sobriño, da miña irmá Marta e do meu cuñado.

Ímonos deitar.

amador pérez
imprenta | dixital | deseño | web
Rúa da Cooperativa, 10 baixo
36800 REDONDELA
Teléfono: 986 400 259
Móvil: 627 900 878
info@amadorimprenta.com
www.amadorimprenta.com
folletos
carteis
talonarios
sobres
cartas
tarxetas
invitacións boda
papel continuo
calendarios
agasallo publicitario
fotocopias cor e b/n
impresión dixital
páxinas web

SU SUELA
WWW.SUSUELA.COM
Rua Adro, n 32 - REDONDELA
susuelaredondela@gmail.com
Telf: 986 07 87 59

Por *CARLOS PELETEIRO*

Estamos no ano 2040, sempre pensei que non chegaría a este ano, xa pasaron bastantes anos desde o cambio do milenio e hai cousas que cambiaron completamente pero outras foron trocando paulatinamente, é dicir, foron evolucionando, mais outras sufriron un cambio radical.

Quero destacar que nas relacións humanas as cousas sufriron unha modificación, as persoas xa non se relacionan tanto entre si, estas foron substituídas por humanoides, robots ou máquinas autónomas. Cando vas ao banco ou cando vas a un hospital, un agradable e intelixente robot aténdeche.

Outra cousa que cambiou bruscamente é a telefonía móbil, xa non necesitas un teléfono, senón que simplemente tes todas as aplicacións e funcións nun reloxo, xa non necesitas marcar números de teléfono, senón que te comunicas telepaticamente, pulsando soamente un botón, igual que se estiveses a baixar ou subir a ventá dun coche.

Falando dos coches, estes xa non son como antes, non teñen rodas, senón que son unha especie de pequenas naves espaciais que che permiten desprazarche a gran velocidade e mesmo viaxar dun planeta a outro. Neste campo produciuse un cambio radical, o combustible que se utiliza non é contaminante.

Outro aspecto que querería destacar son os cambios sufridos no deporte. O deporte en hoxe en día, é un deporte practicamente virtual, a maioría da xente xa non acode ao ximnasio, senón que fai deporte en casa. O deportista, os estadios e o deporte profesional son propiedade dos fondos de investimento e das grandes corporacións.

A sociedade en xeral dedica moitas menos horas ao traballo, quedando moito máis tempo para as súas afeccións e o lecer. Todo cidadán cando nace xa sabe que ten asegurada a súa pensión. Xa non existen os partidos políticos como tales, a democracia xa non existe, goberna un grupo de tecnócratas que non teñen oposición senón o apoio de toda a sociedade en xeral.

O exército e as forzas de seguridade do estado contrólano todo, apoiándose nunha tecnoloxía moi avanzada que se desenvolveu nestes últimos anos.

2040

Por MANUEL GONZÁLEZ

Estou nun autobús percorrendo a cidade de Nova York xunto a un amigo que coñecín na cidade de Boston. El está momentaneamente en paro e eu pedín o mes de vacacións que me corresponde. Nova York no ano 2040 ten máis poboación que nunca, aínda que o crecemento demográfico nos Estados Unidos estase a retardar. Tamén a xente dura máis anos e ten mellor calidade de vida xa que a medicina segue mellorando e a asistencia sanitaria está mellor. Polo xeral, as persoas interésanse máis pola súa saúde que antes. Nova York é unha das cidades preferidas para os inmigrantes.

Os edificios son máis altos que nunca e están ben protexidos para as emerxencias de accidentes como incendios, xa que se controlan ben os materiais inflamables e todo está ben organizado e fora de perigo. Todo isto é posible pola experiencia que os enxeñeiros xa conseguiron con edificacións anteriores.

Xuntos pensamos en percorrer parte do este dos Estados Unidos, aínda que non programamos exactamente como faremos o percorrido, xa que a ambos gústanos ir un pouco ao azar, sen calcular demasiado a dirección desta viaxe. O que máis nos gusta é a viaxe en si. Miramos fai un tempo polo explorador avanzado, algunhas imaxes proxectadas en tres dimensións dos lugares desa parte do país que máis nos chamaron a atención, e nese senso temos a ideas claras dos sitios que preferimos visitar.

É primavera e os xardíns das cidades están comezando a florecer, agora os medios de transporte son máis seguros e máis cómodos e tamén está todo mellor comunicado. Hai unha grande melloría en canto ás infraestruturas. Por exemplo, os autobuses non levan condutor, soamente un vixiante de seguridade para ver que ninguén se coe sen pagar e que non haxa problemas coa xente. Para pagar o billete simplemente lle temos que dicir a unha máquina o noso destino, metemos nela unha tarxeta onde carga a información da viaxe e o custe e collemos o autobús. Estes están ben construídos, au-

tomatizados e revisados. Xa non hai practicamente erros ou accidentes de tráfico, e se pasara algún imprevisto, o vixiante de seguridade sabe o que facer.

Levamos un mapa virtual nun pequeno aparato, similar aos teléfonos móbiles que usabamos na nosa xuventude, dos lugares que visitaremos para guiarnos un pouco pero, como xa dixen antes, nesta ocasión non planeamos nada exactamente.

O futuro da viaxe que nos espera é algo que debe ser contado noutra ocasión, na que poderemos ampliar as nosas experiencias persoais.

2040

Por *QUINO ALJÁN*

Hoxe é o vinte tres de febreiro do ano dous mil corenta e, como un día calquera, levántome. Vivo na miña casa coa miña muller e os meus tres fillos, Francisco, Xavier e Ana.

Como un día calquera pola mañá, preparo o robot de cociña para que faga o almorzo familiar. Mentres almorzo miro a televisión. Podemos elixir entre os moitos canais que agora temos, todos eles de pago. Ao acabar de almorzar voume a traballar coa miña muller para manter á miña familia. Cando chego pola noite de traballar xogo cos meus fillos.

Ao día seguinte, como tódolos días, vou traballar no meu coche. Un moderno Citröen cun deseño aerodinámico e autónomo para conducir mellor. Cando chega a fin de semana marchámonos de viaxe coa caravana visitando varios lugares.

Traballo nun colexio de cociñeiro e descanso as fins de semana. Na cociña, (moitos dos alimentos que utilizamos están sintetizados nun laboratorio a miles de quilómetros do colexio.

É o que ten estes tempos. Todo pode facerse nun laboratorio, xa non precisamos plantar nada se non queremos. Esta empresa tamén está a inventar alimentos novos a partir de transxénicos, eses alimentos aos que tanto medo lles tiñamos alá polo ano 2.000) moitos alimentos veñen enlatados, conxelados ou envasados ao baleiro deixando os alimentos de temporada para cociñar en fresco. A cociña é máis internacional pasándose os alimentos duns países a outros, cociñando así alimentos de outras nacionalidades, incluso entre continentes. Os concursos de cociña están de actualidade, saíndo novos cociñeiros á fama. A cociña avanza, todo é química e analízanse os alimentos no laboratorio. A miña muller é enfermeira e os meus tres fillos traballan.

Fáltame pouco para a xubilarme, teño 76 anos. Cando me xubile quero pasar o resto de vida coa miña muller e os meus fillos e netas.

Por *XOSE ANTÓN GREGORIO TROITIÑO*

Hoxe teño que recoller os meus netos, xa que a miña filla con 39 anos e o meu fillo con 33 anos, xa tiveron fillos e gústame xogar con eles, inda que co pequeno teño que ter conta, as veces cólloos, métoos no coche, programo o GPS e lévoos a xogar a unha nave nodriza.

Eu estou moi estable con este medicamento, so tomo dúas pastillas á semana e me sinto xenial, a medicina avanzou moito neste últimos anos, toparon a cura para o cancro e para a sida, pero temos outras pandemias que quizais sexan peores.

Din que son as farmacéuticas as que producen as pandemias para vender máis medicamentos, pero os xornalistas só teñen sospeitas, non teñen probas.

Gústame camiñar por este inmenso bosque, como os que hai no resto das cidades estado.

Toda a enerxía é renovable, é a única que se permite usar, desta maneira estamos contribuíndo a que a capa de ozono no deixe de medrar e a contaminación diminuír.

Estamos nun paraíso, os políticos teñen todo moi ben posto, teñen unas leis para ser controlados dunha forma máis eficaz, e a poboación beneficiase dunha democracia participativa e chea de liberdades.

Coas leis actuais non hai necesidade de delinquir e gústanme xa que fomentan a educación, a sanidade ou o transporte público. Moita xente desprazarse en patíns, bicicletas ou por outro medios autónomos. Todo o mundo ten a obriga de manterse en forma xa que é moi saudable e imprescindible na vida.

É un mundo marabilloso, sen guerras, nun mundo civilizado, é un país civilizado sen traficantes, nin de armas, nin de drogas nin nada que supoña un risco para a sociedade.

Isto é una delicia de planeta, como nun conto de fadas. Feliz futuro.

2040

Por *JAVIER ALMAGRO*

Estamos no ano 2040, a capa de ozono aumentou e a raza humana ten que protexerse contra os raios uva con cremas de protección solar, pois os cancros de pel aumentaron e apenas ninguén sae polo día, a vida faise de noite.

O polo norte, e o polo sur vanse derretendo polo cambio climático. Os países con zonas costeiras están en perigo pola subida do nivel do mar. Deron coa vacina para o VIH e as persoas que son portadoras da enfermidade xa teñen unha esperanza de vida máis longa. Os cancros xa se diagnostican dende que os nenos nacen para poder tratalos dende pequenos. Estanse a eliminar os coches que consumen derivados do petróleo, pasando a ser eléctricos ou con placas solares. As guerras polo control do petróleo xa se acabaron.

Os cárceres xa non existen e as persoas con delitos menos graves levan unha pulseira para estar sempre localizados. E ás persoas cos delitos máis graves métense nunhas neveiras de crionización. Os humanos aproveitan todos os recursos para crear alimentos e que ninguén pase fame. As drogas están legalizadas, todas se receitan baixo consulta médica, aínda que sigue existindo o contrabando.

A lonxevidade é un problema, pois cada vez hai máis adultos e prohíbese ter máis dun neno ou nena por parella. Cada día plántanse máis árbores para ter máis osíxeno que respirar. Todo se recicla, pois está prohibido tirar desperdicios na rúa.

As enfermidades mentais... case ninguén as padece.



Por *ADA ESCONTRELA*

XEOMETRÍAS FLORAIS

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

As flores durmidas repousaban nun tibor amparadas pola beleza dunha natureza case fenecida tras o paso dos días. Ao contemplar este particular altar feito de multitude de infinitos matices, felicitábase a si mesmo por configurar unha beleza rescatada dunha morte agónica, plana de berros e unha colección de caprichosas formas ás cales el convidaba nun sepulcral silencio a dialogar con pétalos e formas nun diálogo de xeometrías florais. Navegaban polo mar da súa inquieta imaxinación para tratar de poñer en orde algo ao que el denominaba o caos da sinfonía da cor. Facíase tarde para a distancia, e deste xeito a harmonía cromática e o discurso das formas estableceron unha conversación digna de pequenos deuses. Foi entón cando un inesperado refacho de vento moi hostil derrubou o vaso, precipitando todas as flores a un sucio chan. E deste xeito a cinza da cor fixo ademán de acender un pequeno lume fatuo cos gallos do silencio. Nada parecía indicar que este inquieto xardineiro tentaría facer gallos de beleza e tempo; que se reflectían no espello dun escangallado armario feito case lixo polo paso do tempo. Visualizaba nemotecnicamente o que antes foi beleza e agora eran restos dunha festa celebrada os días festivos dun ano bisesto case cadáver. Agonizaba o recordo das flores que noutro momento fixeron do tibor o templo da cor, e agora tornábase transformado no elemento vivo do verdugo implacable que axustizaba o tempo.

XADREZ VITAL

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

Adoitaba levantarse ao amencer tendo o bo costume de camiñar mentres moitos aínda dormen. El dicía que ela estaba a tecer un vestido con anacos feitos de soños. Ela pola súa banda dicíase ser unha admiradora fervente da doce Penélope. Quizais a ambos lles estivese facendo falta viaxar por aquel lugar onde case non existen sombras, e todo parece encherse dunha luz procedente das estrelas máis rebuldeiras e inquietantes. Eran algo moi similar a dúas pezas do xadrez vital ao que ambos adoitaban xogar cada día. E coma se dunha alfombra floral tratásese, ambos tiñan por costume debuxar paisaxes cando se collían da man para camiñar xogando co vento e a forza do costume. Camiñaban por un campo florido no tempo primaveral, e deixaban tras de si unha infinidade de silencios poboados pola tristeza dos recordos acantoados no andel do tempo.

Tamén adoitaban entreterse coleccionando o aroma dos bicos, e nun especial xogo floral xogaban a ganduxar un vestido hipnótico feito de soños e sombras; onde a luz solar íase alternando coas lúas cheas que se ían poñendo no ceo onde tamén xogaban a ir nomeando as estrelas por nomes cuxa beleza parecía acariñar a pel das súas tenruras.

AS MARCAS DA ÁNIMA

TIC, TAC

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Tic, tac, tic, tac
o futuro aquí está
tic, tac, tic, tac
o pasado xa non voltará.

O tempo pasa moi veloz
e a herba crece sen parar
para cortala teño unha foz
e para o reloxo xamais vou mirar.

Tic, tac, tic, tac
os segundos parecen horas
a min dáme igual
o tempo pasa sen demora.

Quen é o dono do tempo?
É o que eu me pregunto
porque o reloxo contemplo
como no caldo derrete o unto.

Teño medo que o tempo me devore
e faga de min un morto máis
xa que os minutos corren
tanto para min coma para meus pais.

XOGANDO I

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Xogando cos meus netos
facendo falcatruadas con eles
saltando por riba dos retos
deixando neles as miñas peles.

Brincando cós meus sobriños
rindo a gargalladas
evitando picarme cos espiños
non quero novas malas.

Voando cos paxariños
percorrendo con eles o alba
miñas noivas fanme chiscos
e todo o ceo é de cor malva.

Netos, sobriños e paxariños
a todos eles os espero no futuro
aínda co inverno sexa duro
por eles agardo nos seus niños.

XOGANDO II

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Xogando cos días e as noites
procura que ninguén te escoite
xogando a ser persoas
procura que ningunha muller estea soa.

Paso a paso, sempre no bo camiño
camiño que te leve a bo porto
camiño longo, camiño pequeniño
falando moito quédome sen almorzo.

Xogando coa pequena moza
bicándoa na meixela
ela tamén me roza
sen saber máis dela.

Xogando co corazón aberto
xogando coa alma ben forte
imaxinando teu querer con acerto
e xogando sen perder o norte.

AS MAREAS DA ÁNIMA

Por *PATRICIA COGOLLUDO DE OYA*

Sinto que che fuches,
amor meu
non che teño máis que no corazón,
alma e espírito presente
conxelados están os recordos
rebotan pola miña mente
máis vivos que mortos.

Todo era belo contigo
eras todo para min
o meu amante, o meu amigo
gardián da miña alma
que deus bendígache agarimo!
eu sigo neste mundo de vivos,
sempre conversando contigo.

Falando do que aconteceu
a miña alma está baixo chave,
e nunhas escaleiras o meu espírito
quero bailar, alcanzar o ceo,
ata cos dedos, rozar as nubes,
logo choiva do ceo caerá
vaia marabilla!
Amor neutro, sorriso amplo
corazón afundido, ata sempre!

ATA FACERTE INMADURO

Por *DAVID WHITE*

Futuro coma un froito maduro
que vas coma un canguro
dando saltos ata o máis escuro
averno onde non hai inferno seguro
simplemente es ti futuro, o cianuro
vas gastando teu tempo fumando
un puro que sabe a día duro.

Futuro vas enriba dun siluro
camiña sen ningún apuro
ata rematar sempre impuro
túa cor é vermello escuro
ás veces sénteste inseguro
ata facerte inmaturo
chocando contra o muro.

O QUE GARDO NO MEU INTERIOR

Por Mª ESTHER PEREIRA LUGO

Ai! Nai déixame durmir
estar esperta fáiseme bastante difícil
intento falar e falar
pero ninguén me entende
pois un farrapento ten dereito a ser feliz
déixame que voe
e que o ceo, coa luz das estrelas
me ilumine e me cubra cun manto púrpura.

AS MARCAS DA ÁNIMA

INDA QUE VEÑA DURO

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Tormentos de aceiro
pegadas de noxo
polo fume dun cheiro
eu rómpome un oso.

No futuro eu entro
no futuro comprometo
do futuro non me queixo
máis síntome como unha buxaina sen eixo.

Busco parella bonita
eu non son Tarzán
eu busco a miña Chita
eu non son un parvean.

No espello do futuro eu me vexo
buscando unha realidade
unha realidade de moito peso
que encha miña idade de felicidade.

Eu non remato a gol
no futuro alí estarei
sempre espero ao futuro
estarei somerxido en formol
e quizais serei un rei
inda que veña duro.

RECORDOS

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Recordo os froitos do meu traballo
recordo os nenos sempre xogando
recordo a primavera do mes de maio
recordo prados co gando pastando.

Recordo o pasado moi lonxe
a día de hoxe,
como se fora un tren que foxe
como o río no que voa o bote.

Vento que me leva cara o futuro
cunha velocidade monstruosa
que me deixa o corpo moi duro
e así no fin, ficar nunha fosa.

Recordo, recordo e volvo recordar
lembro á miña familia feliz
tamén recordo as ondas do mar
e o cheiro salgado na miña nariz.

No futuro sempre estarei recordando
todo isto, pasado, presente e moito máis
así as vacas sempre sigan pastando
e sigan vivos por sempre meus pais.

SEN CAMIÓN

Por *JAIME VIQUERIA VEIRAS*

Espertando do meu carácter
refugallos roxos
peor co luns o martes
dándome un pouco de noxo.

Así estou hoxe sen savia
rescatándome da miña ira
rescatándome da miña rabia
e se podes de min tira.

Escapando da noite
que me fai un anano
aínda que ninguén me escoite
nos próximos cincuenta anos.

Volvendo sempre ao pasado
xa non aturarei a solución
neste ano onde estou parado
coma un camioneiro sen camión.

AS MAREAS DA ÁNIMA

CICLÓN

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

O día de mañá non sei onde estarei
o día de mañá non sei quen serei
o día de maña non sei se chorarei
o día de mañá non sei o que sei.

Non sei se terei un sorriso na boca
non saberei se a miña mente troca
se será algo divino o que o provoca
non entendo, meu ser é unha rocha.

O día de mañá é o que defendo
estou seguro que chegará
día que ninguén quere saber, caerá
para min ninguén o malogrará

É o futuro, o día de mañá virá forte
non será duro que a ninguén lle importe
por iso pido que esteades ao meu carón
para que isto pase tan rápido coma un ciclón.

Vémonos o día de mañá
lembra que os malos tempos pasarán
lembra que o futuro chegará
vémonos o día de mañá.

PASADO, PRESENTE E FUTURO

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Eu miro cara ao futuro
eu miro a cara ao pasado
cos meus ollos non poñan un muro
na túa fronte que me teña parado.

Antes de botarme do teu recordo
espero ter unha boa melancolía
que faga tremer o meu corpo
e que de min ninguén se ría.

Eu miro cara ao presente
non sei se eu non teño manías
que me fagan estar doente
e miñas noivas non sexan as marías.

Teño fe no futuro
dubido se chegará pronto
para decatarme se son puro
mais seguro non son tonto.

Intentarei chegar cedo
non perdendo as ansias de hoxe
para saír do enredo
e o futuro non me roce.

PERCORRENDO

Por *JAIME VIQUIERA VEIRAS*

Percorrendo as verdes pradarías
percorrendo o templo do reloxo
a árbore da vida da peras
e o pasado dáme noxo
percorrendo o teu corpo
celebro o teu santo
e case me volvo tonto
cando me protexes co teu manto
percorrendo os días negros
que enchen a miña mente.

Que me ames eu che prego
para saír da noite quente
paso os días camiñando
camiñando polo que aprendo
e o final me pregunto cando
no futuro nos amaremos
como dous rapaces pequenos
pero cun corazón enorme
e nos daremos un bico no dolmen
cando? No futuro! Non hoxe!

AS MAREAS DA ÁNIMA

Por *PATRICIA COGOLLUDO DE OYA*

Sae o sol, paso a paso vou
o vento empúrrame cara ti
contenta estou
porque de novo véxoche
e sinto os teus abrazos,
aloumiños, caricias e bicos.

O amor que sinto
síntoo por ti
sinto que che teño
en cada momento
son parte de ti,
xa non vou por ti.

Ti, media laranxa
tes toda a miña confianza
es a miña moeda da sorte
coidado! A vida dáche de labazadas
segue vivindo, suspiro a suspiro,
quéroche! Para sempre.

CANTANDO

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Cantando baixo a choiva
cantando en voz baixa
que fermosa vai a noiva
os recordos nunha caixa.

Cantando sen medo a perder
sementando a ledicia toda
cantando sen medo a crer
sementando sen pasar de moda.

Cantando como se poida
percorrendo o perímetro do fogo
cantando porque alguén te coida
sentindo preto ese xogo.

Cantando e cantando
xogando e xogando
como rin os pastores
coidando gando de todas as cores.

NON O ENTENDO

Por *JAIME VIQUIERA VEIRAS*

Empezando outra vez de novo
sabendo o que queres atopar
aínda que non saibas fritir un ovo
nin lembrar que aceite botar.

Miles de anos xa pasaron
traendo cada época seus froitos
e os que quedan ao meu carón
faranme do corpo un saco de oitos.

O tempo pasa e pasa no reloxo
a veces alguén saca os pes do testo
que podo ser eu facéndome o coxo
sabendo que a iso eu non contesto.

Pouco a pouco non quedan dereitos
os montes seguen ardendo
a este paso nos quedamos sen teito
e sinceramente eu non o entendo.

VIMAR

AS MAREAS DA ÁNIMA

QUE OS NECIOS RABIEN

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Como cambian os tempos
a veces todos tristes
a veces todos ledos
sempre atopando bos intres.

Estamos pendentes de desgrazas
estamos pendentes do presente
tentando saber se podemos dar grazas
do pasado que aínda está quente.

O futuro virá frío ou morno
pero a min dáme igual a maldade
sabendo que alguén me mande ao forno
para asegurar que sexa verdade.

Non creo que os tempos cambien
desexo que sigan así
e así os necios rabien
por verme igual de feliz.

MUNDO SALVAXE

POR *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Este é un mundo salvaxe
este é un mundo a reacción
por iso ponte o mellor traxe
e tenta atopar o teu porlón.

Refugallos de modernidade
recordos do pasado
recordos de calquera idade
recordos moi ben ancorados.

Desafiando os astros
por rúas e canellóns
rúas cheas de canastros
e un prato de mexillóns.

Este é un mundo salvaxe
este é un mundo redondo
e tamén non ten paraxe
no seu lugar eu me poño.

NESTES TEMPOS

Por *JOSÉ PAREDES CALVO e BENJAMÍN NOGUEIRA*

Vexo o tempo pasar
con gran pena e pesar
teño boa saúde
e unha mala actitude.

Nestes tempos que pasan
son tristes pero non me cansan
agora doume conta, pensa
segue todo como nos setenta.

Todo o que me rodea
apenas me cabrea
e o que me apena
é este destino que nos frea.

Café - Bar
OS AMIGOS
DESAYUNOS - TAPAS - VINOS
EMPANADAS POR ENCARGO
General Rubin, 15 REDONDELA
Teléfono: 986 405 180

CACHARELA
En los momentos mas importantes de tu vida
CACHARELA ARTESANÍA
CA CHA RE LA
Especialistas en bodas, bautizos y comuniones

AS MAREAS DA ÁNIMA

NATUREZA HOXE

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Beleza radiante da natureza
fermosuras abraiantes
patróns para unha peza
fermosa natureza a de antes

Leiras electrificadas polos pastores
montes arrasados polo lume
campos cheos de dúas cores
que chegan co cheiro do fume.

Natureza maltratada polo home
natureza esgotada ata o fin
dela xa ninguén come
e eu seino polo que din.

Auga bendita baixando pola gorxa
auga que esgota ao lume
a miña alma está frouxa
e eu non nunca tiven alcume.

Natureza a día de hoxe
matadoiro de soños
o home dela sempre foxe
no seu lugar eu me poño.

XA ESTÁ AQUÍ A MODERNIDADE

Por *JAIME VIQUEIRA VIQUEIRA*

Xa está aquí a modernidade
xa está aquí o futuro
xa é vella a mocidade
e o noso pan xa está duro.

Xa está aquí a modernidade
xa se esfumou o pasado
xa se pode votar a calquera idade
xa está o ceo rachado.

Xa está aquí a modernidade
xa non perdemos o control
xa temos aquí a felicidade
e todo está cheo de amor.

Xa está o mundo ben completo
xa ninguén vai morrer
e iso é un gran reto
xa que todos nos haberemos de querer.

FROITOS DO PASADO

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Recollendo os froitos do pasado
sementando hoxe para mañá
con boa terra e un bo arado
recollendo todo con boa man.

O campo será ouro do futuro
a natureza non nos deixará de lado
eu o sei e tamén cho xuro
sen deixar a ninguén mancado.

O futuro ven aí preto
o pasado deixámolo atrás
todo isto será un reto
ninguén poderá con nós, nin barrabás!

Recollendo os froitos do pasado
recollendo delicia e amor
como se fora un pequeno namorado
que troca a cor pola cor.

AS MAREAS DA ÁNIMA

FERMOSO DÍA

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Fermoso o futuro inmediato
fermoso o pasado pasado
eu medrarei dentro dun anaco
como o churrasco asado.

Fermoso o día de onte
espero con ansia o día de mañá
búscote no belo horizonte
un pouco de delicia haberá.

Fermoso o teu recordo
fermosa a túa lembranza no escuro
porque case non me acordo
cando teño cheo o meu bandullo.

Fermoso o día que che atopei
fermosa a túa faciana
síntome coma un rei
e quérote porque me dá a gaña.

ATA AQUÍ

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Ai! Aqueles tempos pasados
ai! Aqueles recordos
ai! Dos pobres tarados
ai! Dos pobres mortos.

Neste raro mundo dos tolos
xogamos cos nosos corazóns
xogando aos bolos
xogando coas nosas razóns.

Razóns incribles pero certas
razóns para o que está por vir
saudando cunhas boas apertas
e deixando a nosa pegada ao escribir.

Deixando as nosas teimas
deixando as nosas preocupacións
e ti co lume te queimas
como o futuro sen razóns.

Ata aquí non chegamos todas
ata aquí todo por vivir
ata aquí viñemos ás toas
ata aquí chegou o noso servir.

ESGOTANDO

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Esgotando os recursos naturais
facendo mal uso dos recursos preciosos
esgotando tódolos mananciais
acabaremos tamén cos nosos ósos.

Esgotando a paciencia do home
esgotando a propia terra
tentando todo o que se come
pasándolle ás árbores a serra.

Esgotando a boa e preciosa auga
indo a outros planetas que están lonxe
sen poñerlle ao noso un paraugas
sen facer hábitos para ser monxe.

Esgotando o pouco tempo que nos queda
podemos rectificar aínda se cabe
para facer que a sociedade estea leda
e que o neno que levamos dentro fale.

O COLECCIONISTA DE HORAS

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

Adoitaba facer provisión de recordos, os cales clasificaba dunha maneira un tanto anárquica. Cada día era vivido por el coma se fose o último que había de gozar nunha vida demasiado feita de ganduxes do azar. De modo que a súa maior obsesión era gozar vendo pasar as horas na gastada esfera do seu reloxo. Adoitaba xogar fantasiando con que por algunha estraña razón o seu reloxo marcaba a pauta do deber que tiña que facer a diario. Fantasiaba e na súa caprichosa imaxinación xogaban todas as formas coas cales enchía de inquietantes debuxos o seu estraño caderno, ao cal chamaba cariñosamente a miña segunda pel. Coleccionaba as horas pasadas entre a confección de múltiples siluetas debuxadas ao amparo dun destino que a el antollábaselle demasiado variable. Entón adoitaba agradecer o feito de poder chamarse o gardián das horas, e este título descansaba no limiar dos seus máis belos e inquietantes soños. Gardaba segundo el as horas na súa bonita carteira, sendo moi dado a malgastar minutos e regalar as horas que sempre segundo el eran o excedente das súas horas dedicadas a descansar. Co cal, cando algunha noite había xa regalado todo o seu arsenal de horas quedaba dunha maneira parva carente de soños, e entraba nunha especie vórtice de inquietantes sensacións, ao que el argumentaba: "O fillo pródigo do tempo quedouse sen horas que regalar". Ninguén tería esa maneira de actuar que a el achegáballe tanta felicidade, e no máis paroxístico do seu destino. A súa alegría bailaba na tumba das horas, as cales agonizaban no seu estragado reloxo.

vision&co
siempre a la última
Óptica Travesía
Alfonso XII, 27– Redondela
Tel. 986404868

VIAXE INVERTEBRADO

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

Cos ósos dos soños, e algo que trataba de regresar da travesía por unha Ítaca feita de lenzos e recordos, alguén trataba de ser o pintor que ía cara a unha deriva no río da cor, e os cadros. Viaxaba envolvido nunha nube de lindos e cálidas cores. Facendo que cada trazo, cada liña camiñase baixo o ceo de enigmático, coma se tivésese que descifrar a aritmética do trazo. Onde xogaba a expor xeroglíficos de luz e cor. De modo que o azar ía perfilando o que cada noite soñaba para trasladalo ao día seguinte a un lenzo

exasperado de beleza e fantasía. Só entón conseguía serenarse ante a festa que celebraban a tolemia e a cordura; tratando de danzar entre as dúas un valse calado e sempiterno. As horas divagaban nun reloxo esquecido de marcar o percorrido da liñaxe do tempo, e con iso parecía coma se dun modo casual empezase a levar a cabo un viaxe metade iniciático, metade invertebrado, xa que o tempo daba a sensación de non decidirse cara a onde dirixir as agullas do inesperado; e quizais un ir e vir, fluíndo na danza das horas trataba de poñer en escena un ballet feito de tempo e soños.

COCHES E CAMIONS DO SÉCULO XXI

Por JOSE ANGEL BEMPOSTA

Nesta era de modernismo e tecnoloxía non é raro que haxa coches e camións autónomos, é dicir que se conducen sós.

A tecnoloxía avanza rápido e non é de estrañar que algúns coches experimentais chegaran a andar polas estradas do noso país. Aínda non chegaron, aínda que penso que minto, algúns coches como o Ford Focus ou o Fiesta xa aparcan sós pero aínda así houbo outros fabricantes que foron máis lonxe como o caso do coche de Google. Pódelo conectar a un ordenador dentro do coche e xa anda só. Outros fabricantes como os estadounidenses Tesla crearon un coche autónomo e non vos creades que vale tanto. O coche vai dirixido por un computador da bordo e nos espellos ten unha cámara láser que lle indica en todo momento o estado da estrada ou a autovía. Cada 20 minutos un sensor dá alarma e tes que poñer a mans no volante para que o computador verifique que estas vivo, se non o coche aparca e para.

E non só os coches andan sós, pois os seus compadres os camións tamén o fan, aínda que son prototipos. Nun futuro non moi afastado estes vicios tamén se poderán mirar polas autoestradas de Europa. Hai unha compañía, Mercedes Benz, que fabrica un camión chamado FT2025, un camión autónomo que funciona co sistema dos avións. O seu sistema autónomo permite ao camioneiro relaxarse en grandes percorridos. Sen tocar o volante, só controlando o sistema a través dunha pantalla que leva o camión, o sistema controla o camión e o camión controla ao camioneiro. Chámase FT2025 e o seu nome indica a data na que está previsto que vai saír ao mercado, o que aínda non se sabe é canto vai custar este camión. Eu non o sei, pero como todo, ao mellor de aquí ata o seu lanzamento non creo que o prezo sexa moi elevado.

Nos Estados Unidos tamén hai un competidor, Freigthliner. Este camión é tamén autónomo pero ao contrario do Mercedes, hai que manexalo nas entradas das vías e nas saídas destas.

Podería seguir falando de máis camións e coches pero creo que con isto é suficiente.

Eu creo que dentro duns anos xa non se vai ir a autoescola, pero tamén con estes tipos de vehículos pode ser que as rúas e as autoestradas se volvan máis seguras, ou non.

Ao mellor, para o futuro que nos agarda, o máis seguro é que se inverta no transporte urbano e que non haxa tantos coches nas cidades. Para que o planeta sexa mais limpo, que é algo que nos preocupa hoxe en dia .

ELECTRIC EVOLUTION

Por *GABRIEL IAMANDI*

Espértome, a miña máquina de café está programada para as 8:30.

O café xa está feito e o leite está cargada en cubos de xeo, para cando a bote na miña cunca se derreta lentamente.

O meu coche eléctrico xa está cargado. Poño a pegada para acender o motor e arrinca. O avatar do coche cólleme a temperatura, o pulso e analiza a miña sensación de benestar.

Chego ao traballo e atópome coa miña colega. Vou charlando un pouco con ela e despois póñome a traballar co meu computador. Este acéndese só cunha palabra que lle digo.

Despois de ir ao traballo vou ao parque co can, no parque xa non hai árbores, fai tempo que morreron e agora no seu sitio só hai un holograma delas.

Como a terra é moi débil a NASA leva construíndo na lúa colonias para cando a terra non sexa habitable, isto sucederá nos próximos dous anos e eu xa comprei tres habitacións para cando me vaia a vivir alí.

Pola tarde chego a casa e encontro a comida xa feita e a cama ordenada. Teño a un robot que se ocupa da casa, chámase Marius e eu Gabriel.

Conseguín todo o que teño grazas ao meu traballo. Deica pouco vou casarme e con todo o que hai agora vai facer que a familia sexa fácil de manter. Penso ter un ou varios nenos que van crecer felices e na lúa.

ALIMENTACIÓN DO FUTURO

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Todos pensamos que a alimentación do futuro será a base de tomar unhas cantas pastillas que nos sacien a fame e nos fagan ter a enerxía que precisamos ó longo do día, e por suposto, a enerxía que debemos ter cando durmimos, sabendo que pola noite precisamos máis desa enerxía que nos fai falla para que o noso corpo teña as proteínas, hidratos de carbono, aminoácidos e as graxas fundamentais para manter o equilibrio natural, para telo en perfecto estado biolóxico e que nos sacien deses momentos que temos fame, sen decatarnos de que só debemos comer ás horas que nos marca o relo- xo na- tural ou bio-

lóxico. A alimentación do futuro deberá estar libre de sustancias nocivas para o noso organismo. Dito isto, esa mestura de clases de alimentos deberá seguir unhas pautas de saúde, ante todo, esgotando calquera substancia que sexa perigosa en doses altas que provoquen unha intoxicación ou contaxio que poda desenrolar unha enfermidade irremediable para o noso organismo. Se de verdade a alimentación do futuro será a base de pastillas coidemos de que sexan seguras para o noso corpo. Os astronautas xa o levan facendo 50 anos e non houbo problemas que se saiban. Se é así eu digo: que vivan as pastillas! Pero como alimento do futuro.

DEPORTES DE FUTURO

Por BRA*IS LOURIDO MARIÑO*

Nestes tempos os estadios xa non están, desapareceron, hai tempo que quedaron obsoletos, agora xóganse a tódolos deportes a través do que coñeciamos como televisión, parecen xogos interactivos.

No fútbol xóganse partidos amigables, de liga, copa, mundiais e toda clase de campionatos. Tamén se poden xogar partidos de tenis, baloncesto, balonmán e outro tipo de deportes.

Se queres xogar ao fútbol, tes que mercalo. Os deportes valen moitos cartos e eles veñen en caixas acompañados dunhas

lentes para poder participar, volantes, luvas ou pedais. Nalgúns deportes como o golf, o béisbol ou o jockey veñen cos seus paus. Para poder xogar tes que pagar e dependendo dos logros que un consiga pódese gañar máis ou menos diñeiro. O inconveniente é que para poder xogar ha de ser á mesma hora mundial. Tamén un pode gozar como mero espectador mediante un aparello láser, así se poden ver os partidos en tres dimensións e apostar. Como non! Tras de todo isto atópase o millonario negocio das apostas. Miles de millóns en xogo grazas á participación masiva do público, xa que o único que importa é o resultado final, e con este, a perda ou ganancia que a un xéralle.

OS MARES

Por *ELISA MÍGUEZ PINTOS*

Os mares hai que telos limpos de residuos porque nel viven moitas especies. Algunhas desaparecerán porque o auga dos mares cambiará a temperatura, nalgúns lugares estará máis quente e noutros máis fría, ou porque estarán contaminadas polo petróleo, ou porque a auga estará baixo en nutrientes.

O mar é un lugar incrible onde os grandes se comen aos pequenos e onde os pequenos comen pequenas partículas chamadas placton. No mar están as algas, unha comida que está moi de moda entre os humanos, aos que tamén nos gusta comer peixes e mariscos. Os pescadores cóllenos coas redes e os levan a vender á praza, mercado ou supermercado.

O mar significa vida para todo o mundo. É moi grande, máis que os lagos e os ríos. Algunhas especies están protexidas porque o ser humano as esquilma para conseguir produtos para o seu beneficio, como son aceites, peles, etc.

Hai algunhas persoas que baixan ao fondo do mar para ver como é e para buscar algún barco que se afundiu e poder atopar os tesouros que neles se sospeita que están, para poder levalos a algún museo ou quedarse con eles para poder herdalo os seus familiares, ou para vendelo ao mellor ofertante. Isto é parte do que podemos atopar no mar. Algunhas persoas métense nel para poder nadar nas súas augas transparentes e limpas. Sobre todo en lugares onde hai corais, buguinas e unhas bonitas praias cunha area moi limpa, porque o auga as baña. Non todas as praias son iguais. Algunhas tamén serven para o marisqueo e noutras as tartarugas poñen os ovos. As augas as levan ao mar, aínda que algunhas son comidas polas gaivotas ou outras aves. Son moitas e moi bonitas as tartarugas. Hai algunhas persoas que as teñen como mascotas, ao igual que os peixes. Os teñen en acuarios con bastante auga. Tamén algúns animais como os golfiños viven en acuarios, onde a xente os vai ver. Nestes sitios curan as feridas destes animais que atopan ás veces varados no mar e rematan así facendo felices ás persoas que os van ver, xa que fan piruetas e xogan con eles no auga. Serven como terapia para traballar con persoas enfermas. Algúns destes animais rematan volvendo ao mar, que é de onde son.

CONSELLOS DE AUTOAXUDA E COACHING

Por *BENJAMÍN NOGUEIRA CASAS*

Vivimos demasiado preocupados polo material, que non ten tanta importancia.
Debemos ver e aprender do ocorrido no ano pasado. Escribir as cousas que non nos gustaron e que quixeramos cambiar do ano presente ou que acaba. Escribir as cousas nunha carta; cousas que aprendemos e que queremos facer mellor. Escribir as cousas que non nos gustaron e marcarnos obxectivos en tódalas facetas da nosa vida, que sexan concretos para o próximo ano.
Escribir os hábitos que conseguimos, as reunións que nos gustaron ou as amizades que conseguimos, os libros que nos gustaron para darnos conta que non pasamos no ano porque si.
Pensar no que queremos facer de ocio. **Estar ocupados e non preocupados**. Esquécesenos o que nos gusta de tanto estar preocupados e ocupados. Escribir nunha libreta o que nos divirte, o que é positivo, o que aprendemos no día. Vacacións mentais. Ter momentos de descanso e de non estar preocupados para render mellor.

Para ter unha boa saúde mental...

Tomar conciencia do que pasa. *Quererse a un mesmo*. DARSE O QUE UN PRECISA. ***Ter unha boa alimentación (equilibrada e variada)***. Consumir alimentos que teñen triptófano. Consumir en maior medida alimentos naturais. ***Consumir máis peixe que carne***. Non excederse con alimentos refinados. **Consumir regularmente froitas e hortalizas**. *Beber dous litros de auga ao día*. Consumir alimentos que teñan vitamina C e E. **Facer deporte**. Camiñar unha hora ou correr a trote tres cuartos de hora ao día. *Tamén existe a posibilidade de anotarse a un ximnasio*. **Facer traballos físicos**. Axudar nas tarefas da casa.
Rir coa parella, cos amigos. Facer risoterapia tamén é unha opción. Estimula a creatividade, axuda a crear pensamentos positivos, mellora o sentido do humor, xera endorfinas, axuda a combater a depresión e a angustia. É como ir a un ximnasio, pero onde fortalecemos os músculos da risa.
Contacto coa natureza. Pasear por un bosque ou un monte. **Contacto cos animais**. **Darlle unha aperta a unha árbore. É antidepresivo**.

Durmir oito horas. **Deitarse cedo**. Cear cedo. Cear pouco. **Coidar dos amigos**. Desfrutar das amizades. Ocio pracenteiro. Ter empatía. *Tratar de non estar tan centrado nun mesmo*. Escoitar máis que falar. **Preguntar máis que responder**. **Comprender en maior medida que ser comprendido**. Buscar o equilibrio. Ser positivo. **Relativizar**. **Autovalorarse**. Autoaceptarse. ***Ter unha visión realista dun mesmo.***
Autoestima, valorarse positivamente. Loitar polos teus dereitos e necesidades.
Dar e recibir amor. **Autosatisfacción**. Sacarlle partido á vida como responsabilidade persoal. *Desfrutar das pequenas cousas que nos depara cada día*.

NOIVA ROBOT

Por *JOSÉ ÁNGEL BEMPOSTA*

Os chinos inventaron un robot avanzado, coma se fora un "Terminator", pero este non mata nin persigue a ninguén, o que acontece é que con este robot podes deitarte con el.

A min gustaríame que este robot fixera as funcións de "moza" ou "mozo" e que cando te enfades con el ou ela o apagases. Un robot que sería a mellor compañeira ou compañeiro da túa vida porque estaría programado para ti. Pero tamén sería un robot que tivera a capacidade de comprenderte e apoiarte coma se fora unha parella de verdade, unha máquina que te acompañaría o resto da túa vida, e se quixeras, poderías casar con el.



Sería un robot cibernético, con varias funcións; ter conversas, charlas relaxadas sobre o día a día, discusións e palabras subidas de ton.

Sería como un convidado ou convidada, farías todo para satisfacelo, pero tamén te axudaría cos traballos da casa.

Unha das súas funcións sería deitarse contigo. O seu corpo sería dunha textura moi parecida a pel humana e tería partes femininas ou masculinas. Este robot estaría programado para ter unha relación directa, moito máis que máquina e home.

Estas máquinas estarían preparadas para ser a túa compañeira ou compañeiro para toda a vida, serían máquinas intelixentes e poida que co tempo tivesen emocións como as humanas.

E cando ti morras o robot morrería contigo.

A MIÑA IDEA DE FUTURO

Por *ALFONSO COSTAS GOBERNA*

Imaxino un futuro dende un punto de vista teolóxico. Non creo que sexa tan malo. Supoño que haberá un período caótico, mais creo que logo chegará a paz e a normalidade. A miña idea de futuro, é como a de algunhas persoas, creo que será un futuro sen fin e cheo de novidades, posibilidades, entendemento, diversión, creatividade, novos descubrimentos, creacións e sen límites. Imaxina tamén o fin dos problemas, vivir en diversas dimensións, un espazo infinito, unha existencia totalmente pacífica, unha existencia baseada nun perfecto equilibrio, no pasado e no futuro das cousas boas, no presente positivo e o rexurdir das vellas costumes.

Pois Deus e a relixión o é todo.

CONFITERÍA Filo PASTELERÍA ARTESANA
Dende 1962 ó seu servizo
Casto Sampedro, 4
Teléfono 986 401 718
REDONDELA (Pontevedra)

Café Royalty
C/ Alfonso XII nº34

ALMACEN DE FUTURO STOCK

Por *JOSE L. EZAMA FDEZ.*

O futuro é como unha sinal posta ao lonxe que nos fai ollar de todo; ilusións, pereza, e ante tanto traballo, ganas de traballar para un futuro mellor... Non é un mito, é algo que no día a día nos fai mover os dedos e os pensamentos, as angurias e as inquedanzas.

O futuro debería ser un presente sen angurias, de non chegar, ou de non alcanzar o básico que queremos. Que as nosas inquedanzas nos abran una fiestra nese futuro para saber nós como chegar a el.

Eu véxome nese futuro como una peza máis nun gran aparato que é a sociedade onde nos intentamos organizar aínda que sexa nesta revista. A sociedade que leva séculos camiñando e cambiando, axustándose por un lado, pero sobre todo facendo estratexias para o seu beneficio.

Existen outras estratexias que fan mudar ata o modo de pensar e son as do capital que organiza a sociedade e a estrutura marcando os xeitos e non só un estilo de vida...

O modo de pensar, actuar e relacionarnos ante os constantes cambios que o capital e o poder imprime aos gobernos e institucións próximas, nacionais e mundiais.

Polo tanto cal é a miña visión? Cal é meu papel no futuro? Entre outras cousas aportar datos, apoio e participación para axudar á sociedade en conxunto no seu camiño, aínda que non teña idea de leis.

A sociedade cambiou moito e estes cambios son os que fan o futuro nun desexo dunha situación estable no que cada decisión conta.

Decateime que xa estaba disposto a asinar meu enderezo polo día de hoxe. Aquí na festa diaria do traballo.

Un día máis coma sempre traballando na Ría de Vigo a recoller e a faenar no tempo que se poida. A abarcar coas mans o que non collen as redes.

Feito o día púxeme pintar nun papel os debuxos que o mar reflexaba nas praias. Non facían falla antollos. O mar no que pasei todo día inundaba as rúas de Redondela.

Collín un pouco de coraxe e fun a ver quen había entre as brétemas e custoume atoparme cun traballo que fixen dende neno... vivir o futuro.

No futuro, hai futuro?

Por *XAQUIN VIDAL*

Quen sabe! Quen sabe que vai acontecer nunha década? E dentro dun ano? E dun día? Ou nun minuto! Todos temos establecido, programado o futuro inmediato, pero un troco nun segundo e alá vai!

O futuro é o que está por vir, o que vai ser. Mais futuro e tempo van collidos da man, xa que este tamén é o tempo que ha de vir. E quen poidera controlar o futuro, verdade? Ou construir o estado ou as situacións futuras na vida de alguén. Marcar os tempos.

Do único que podemos estar seguros é do paso implacable do tempo e a incapacidade para controlalo, a raza humana, poderosa, capaz de mellorar, modificar, crear, soñar, imaxinar... é incapaz de controlar o único que se nos escapa, o tempo. E xuntos da man, tempo e futuro non para de pasar polas nosas narices .

Lembrades 1990? Comezaba a última década do milenio , aproximábase o ano 2000, unha data referencia, cargada de simboloxía e futuro. Pois ben, non só chegou se non que xa imos cara a década dos vinte e o futuro parece non dar chegado.

Ao mellor todo isto é máis sinxelo e o futuro nunca existiu, e do que se trata é de vivir e bailar o presente esquecéndonos do que vai vir, xa que virá, pasará e todo continuará.

OPINIÓN

Por *JOSE MARÍA DARRIBA ZUFIAUR*

Os medicamentos que nos receitan, en moitos casos son anticuados, dos anos 50 ou 60. Precisamos medicación actualizada, pero non nola dan porque é máis gasto para a sociedade, dinnos que son todos iguais, que un medicamento dos anos 50 ou 60 como o Logental é igual ao Invage actual e como moitos outros.

Os científicos deben poder e animar ao home para que atope unha vacina contra a esquizofrenia, pero á Seguridade Social non lle interesa, pois se irían ao traste os especialistas de psiquiatría, os que traballan nos centros psiquiátricos, así como os psicólogos, enfermería de psiquiatría, traballadores sociais... Todos á rúa! Ou o multitudinario negocio das farmaceuticas.

Loitamos para que haxa pisos concertados e hostais, onde podamos vivir dignamente, que pagamos coas nosas pensións ou pagas coa axuda do estado.

Din os que non nos coñecen que somos un perigo, pero o perigo está na rúa, as drogas, o alcol, os políticos, os ladróns.

As mulleres non nos queren porque nos ven feos ou con carácter raro e é que a medicación nos fai cambiar, fainos ser máis agresivos ou pacíficos, cansos, a mente medio zombi, sen forza física ou psíquica.

Somos humanos, temos un nivel alto de sensibilidade e amor que falta moitas veces nas rúas.

Castígannos con electroshocks e medicación forte, con agresións e illamentos cando cometemos unha falta, o castigo debería ser a retirada de permisos, pois un queda sen saída, pero nunca con agresións físicas como o electroshock. Catro paredes non son menos que un cárcere e a vida sen liberdade non ten sentido.

Deberiamos facer actividades culturais e de educación no centro de día, como ir á piscina, ao fútbol, a concertos de verán en Castrelos, a ver exposicións de todo tipo, ir á praia e non pasar o tempo paseando polos corredores, e os enfermeiros e enfermeiras charlando e rexoubando, para iso págalles o estado?

Hai máis enfermos psíquicos polas rúas que nos centros, ninguén se preguntou se queremos estar nun psiquiátrico cos poucos medios que pon o estado e o Sergas. Apártannos dos familiares dándolles motivos como que somos un perigo, que somos agresivos, cando hai máis agresividade na rúa.

Nos centros psiquiátricos só queremos independencia, igualdade, liberdade e amor. Queremos saber as contraindicacións dos medicamentos e non que nos dean os medicamentos á forza, sen saber as reaccións e os efectos secundarios, se engordas como pasa co Seroquel, se nos cansa fisicamente o Lorazepan ou se respiramos mal.

VIGO 24 DE ABRIL DE 2017

RECORDOS EN ACEVEDO, AVIÓN

Por *M¥ESTHER PEREIRA LUGO*

Na miña aldea todos emigraron a México. Foilles moi ben, pero a aldea quedou deserta. Había lobos, raposos e de todo. Estaba tan deserta que parecía a selva.

Ninguén corta nada, as fincas quedaron a monte. O veciños veñen de vacacións en non fan nada. Temos unha piscina veciñal que aínda se usa no verán, porque por alí pasa un río. O río levaba pouca auga e o cortaron para facer a piscina.

A miña vida na aldea foi única, o pasaba moi ben. Xogábamos toda a aldea ao "brilé" e nos disfrazábamos con roupa vella. Iamos polas casas a pedir, e co que quitábamos facíamos unha comida.

Eu corría e corría e un día fíxenme dano, caín nun buraco bastante profundo e viñeron todos os veciños e veciñas da aldea e me quitaron. Estou aquí grazas a eles.

Agora vas a aldea e non hai nada de xente, como dixen anteriormente, está deserta.

As vacas veñen a pastar á nosa aldea e non as damos quitado de alí.

Antes, cada casa tiña un porco, galiñas, vacas, coellos. Tiñamos de todo para non pasar fame.

Cada un de nós tiñamos un can. O noso mordeu á miña irmá no pulso porque ela lle meteu un pau pola orella. Antes facíamos desas cousas.

Estando na aldea, coñecín a un señor que viu de Brasil e me dixo que a paciencia era unha virtude. E eu, que falaba moito, calaba polo ben que el falaba, baixiño e sereno. O señor era único e eu ía con el pola aldea adiante moi tranquila. Morreu fai tres anos e o boto moito de menos. Espero que descanse en paz. Unha vez viu a visitarme á perrucaría coa súa filla, onde eu traballaba coa miña irmá. É o último recordo que teño del.

FORMIGAS

Por *ANA NIETO*

Hoxe á noite caín boca baixo e dinme coa porta do baño, estaba sacando as formigas do burato que tiñan as portas dentro dos raís das corredoiras da caravana de cristal. As formigas non eran formigas normais, eran malvadas; todo corpo vivinte que atopaban de noite o rillaban, foran o que foran, pero co que máis desfrutaban, era atacando ás persoas de noite. Aparte de ser carnívoras, desfacían o corpo, todo o que tocaban coa súa baba era mortal.

As persoas da cidade non sabían como combatelas. Era un verdadeiro pesadelo. Finaban a ducias e a xente temía de verdade ás formigas, era peor ca marabunta.

Entón as persoas puxéronse a pensar como desfacerse delas, se con goma de mascar, ou con cola que facían as galiñas. As galiñas que eran especialmente poñedoras de ovos non estaban especializadas na posta do pegamento. Finalmente comprobaron como unha cola producida por certas galiñas facía que ao tocar as formigas esta quedaran completamente paralizadas sendo este o momento de acabar con elas.

A MEDITACIÓN

Por *JUAN ÁLVAREZ IGLESIAS*

Como cada día chego a casa despois dunha dura xornada en Lenda e dedícome a contemplar o magnífico prato de marisco, que case sempre soe ser lagostino, predisposto na mesa para ser engulido polas miñas fauces, sempre listas para gozar dun bo manxar, e despois pasar o tempo meditando no meu futuro, aproveito e fumo un cigarro, máis tarde, sigo a pensar un pouco mentres me dedico a xogar ao solitario. A tarde pásoa paseando polas cercanías de Redondela e contemplando as bonitas paisaxes que nos presenta a bisbarra de Redondela, mirando a fauna vario pinta que se me ofrece a miña vista. Despois vou a tomar un descafeinado a algún bar desconectado do mundanal ruído, e máis tarde volvo para casa, e pásome un rato vendo a televisión da que acabo hastiado, prepárome para cear onde o pracer é moi frúgil pero chégame para captar as maravillosas esencias de dita cea. Ao escurecer vou ó baño a facer as miñas necesidades para prepararme para ir a cama onde case de repente me quedo durmido. Ó despertar o día seguinte fago unha clase de relaxación na cama, prepárome para vir a Lenda, almorzando en casa e indo ao mar a tomar un descafeinado e informándome da prensa, dalgunha noticia.



Esta é a máis espectacular e marabillosa maquina do tempo xamais construida. Se queredes viaxar ao futuro, xa sabedes, mercade un DE LOREAN.

DMC
DELOREAN MOTOR COMPANY

E NON É FUTURO

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

Imaxínate que te esperan a bicos e non é a túa moza.
Imaxínate que te fan o almorzo e non é a túa moza.
Imaxínate que te bañan e non é a túa moza.
Imaxínate que te visten pola mañá e non é a túa moza.
Imaxínate que te levan ao traballo e non é a túa moza.
Imaxínate que vas a xantar con alguén é non é a túa moza.
Imaxínate que vas tomar café é non coa túa moza.
Imaxínate que non vas ao traballo e non te leva a túa moza.
Imaxínate que saes de marcha e ligas pero non coa túa moza.
Imaxínate que chegas á túa casa e te deitas pero non coa túa moza.
Todo isto é posible nos tempos que corren, porque para todo isto xa están aquí os androides.
E non é futuro, é presente.

MANDAMAMA
ideas para familias comtemporáneas
Rúa Ribeira 8, Redondela
www.mandamama.com

www.caltres.blogspot.com
Cal 3 fotografía
Pza. Constitución,12 36800 REDONDELA
Tlf: 986 400 965 info@cal3foto.com

O APRENDIZ DE ALQUIMISTA

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

Mesturaba no crisol poemas, metais e minerais coa esperanza de que na fertilidade da sabedoría do seu vello e sabio mestre, este confiáselle a fórmula maxistral para transmutar o devir do tempo coa forza de multitude de matices; necesarios para facer que as palabras cobren vida. E así poder obter o elixir que lle dese a fama e renome na galería dos alquimistas ilustres. De modo que trataba de lurpiar á natureza as súas máis remotos e ocultos segredos, para mostrarse ao mundo como un avezado coñecedor da maxia e das súas apócemas máis secretas. A súa mente volvíase co paso dos días moito máis analítica, tenaz e perspicaz ante todo canto oía dicir ou omitir ao seu vello mestre. Pensaba que este lle ocultaba algo.

No crisol un amasillo de caducos metais ía collendo unha cor cobreada, cuxas iridescencias leváronlle a pensar que descubrira o medicamento divino. El críao así, e estudaba calquera cambio que experimentase esa estraña mestura. Ignoraba a apagada e cansa voz do seu mestre cando quixo tratar de advertirlle dos perigos de consagrarse a unha incipiente ciencia dos espíritos. Onde a cada cor das súas diversas mesturas acudían diferentes espíritos que lle traían á súa mente a mensaxe oculta da natureza. Os meses pasaban, e co seu acelerado transcurso toda a natureza morta desfilaba ante os seus ollos e parecía que volvía cobrar vida, motivo este que lle enchía de xúbilo. E volteando a cabeza cara ao seu mestre e vendo para el sempre se preguntaba o motivo de que a pesar da súa inmensa ciencia aínda lle considerasen un mero aprendiz de alquimista. Descoñecendo na súa totalidade como se produciu a gran viaxe. Os séculos sucedíanse uns a outros nunha vertixinosa colección de anos fugaces.

Agora está aquí tratando coa súa magnífica ciencia de curar a todos cantos sucumbiran a unha terrible enfermidade atribuída a un mundo cada vez máis fugaz e robotizado pola ditadura da intelixencia artificial.

BELOS SOÑOS

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

Cada mañá acode á súa cita cun destino que é unhas veces rebuldeiro, e outras un tanto hostil. Coma se tratase dunha partida de cartas xogadas cos deuses, el ía tamén cada mañá a tomar un ben merecido café e a ollar a prensa diaria. Atrás quedaran os esgotadores días de excesos. Agora conformábase con vela cada mañá para pensar durante o resto do día nesa rapariga de rostro tan anxelical, cuxa dozura a el caláballe ata chegarlle case ata o miolo. Ao deitarse repasaba o poema escrito nese día de angustias e fracasos. Lido o poema, preguntábase polo feito de converterse no amante invisible da súa máis bela admirada. Tiña entón tentacións de beber ata chegar a enchente, a pesar de manterse sempre sobrio, e alcoholizado tan só polo alcol da beleza que sobordaban case todos os seus poemas.

Convocaba ao chegar ata esta tesitura a case todos os deuses e musas do olimpo poético. Con todo el amábaa, e os deuses permanecían en silencio eterno. El chamábase a se miso o cantante de jazz, só que a súa voz grave e envolvente nunca chegara a convencer a ninguén para que esta chegase aos oídos da súa adorada rapariga.

Debatíase entón nunha tremenda guerra que duraba xa case vinte longos anos. Expúñase entón ao modo de atopar unha vía de expresión para a súa gran dor. Ninguén lle levaba ante o xuíz do amor, máis ben quixeran advertirlle que debía abandonar toda esperanza de ser correspondido. Entón alguén lle berrou: Responde ante quen che tacha de tolo! El víase a si mesmo e non paraba de dicirse: Posuíume o Quixote e non teño un Sancho que me axude! Apenas pronunciaba esta triste frase, o soño vencíalle, e ao soñar era o home máis feliz, era correspondido por ela mentres o soño dulcificaba a expresión e a súa cara. Como namorou de alguén biónico?

ELISABETH E ARTURO

Por *ELISA MÍGUEZ PINTOS*

Había unha vez unha moza avogada que defendía as causas xustas, como demostrar se un home era inocente ou culpable. Ela protexía a un destes homes. Era un traficante ao que os seus colegas querían matar para que no xuízo non os identificase e testificarse contra eles. Esta avogada tivo que meterse no seu ambiente por medo a que lle fixesen dano aos seus seres queridos. Ela informaba á policía pero co que non contaba era con que houbese policías corruptos.

Estaba moi asustada do que pasaba na súa contorna. Decatouse que algúns dos seus compañeiros aceptaban cartos para non metelos no cárcere. Eran cantidades moi elevadas, que ela tardaría oito anos en conseguir traballando todos os días do ano.

Ao seu protexido tiveron que cambiarlle o nome e os apelidos para que non o atopasen. Só o sabían ela e algúns policías de confianza.

A súa familia tamén estaba en perigo e tiveron que pedir protección. Déronlla co risco de ser descubertos. El tamén ten medo e está asustado porque non sabía onde se metía. Dixéranlle que era un traballo sinxelo de facer pero non foi así e agora é moi difícil saír desta trampa.

Ela e el fixéronse amigos aínda que isto implica un risco, como na vida mesma. Ao final colléronnos a todos, pero quedou algún sen ser collido, uns mortos e outros feridos. A algúns policías quitáronlle a placa e a outros a licencia de avogados ou de xuíz.

Todo quedou ben para algúns familiares que quedaron aliviados por todo isto que estaba pasando e que rematou ben.

Ela e máis el casaron e foron felices toda a vida.

CHEGA A TORMENTA

Por *JAIME VIQUEIRA* VIQUEIRA

Chega a tormenta. Unha tormenta chea de incerteza, dubidas e máis problemas. Problemas, que pese aos avances tecnolóxicos que chegarán, non poderemos solucionalos. No futuro moita xente non estará xa aquí, e outros estarán por vir a este mundo máis moderno se cabe. Non sabemos, a día de hoxe, se o futuro será mellor ou peor que os tempos que corren. Non sei se no futuro os coches voarán, se o cancro ou sida terá cura, se a pobreza non existirá, se se acabarán as guerras, a fame, a miseria, a pobreza… Eu creo que o mundo seguirá igual ou peor, xa que ao ritmo que vamos non espero que este planeta estea mellor que na actualidade. (Ogallá me equivoque!).

Nestes tempos que corren a esperanza de



vida está nos oitenta e pico e no futuro pode chegar aos cen anos, espero que sexa con boa calidade de vida, quen o sabe con certeza? Os científicos, os políticos, os astronautas… Todos parecen inmortais polas súas profesións cheas de futuro incerto.

Eu supoño que no 2040 as novas tecnoloxías poderán semellarse ás películas de ciencia ficción; máquinas por tódolos lados, pantallas ultra planas, ordenadores que farán todas as nosas tarefas, seremos máis dependentes?

Hoxe xa estás a vivir preto do futuro. O futuro xa case está aquí. Viva o futuro, e nos vemos dentro de vinte tres anos, un chiscar de ollos. Ata logo.

"TODO O QUE UNHA PERSOA PODE IMAXINAR OUTRAS PODERÁN FACELO REALIDADE"

JULES GABRIEL VERNE: VISIONARIO DO FUTURO

Por *DAVID WHITE*

Verne naceu o 8 de febreiro de 1828 en Nantes no seo dunha familia burguesa, seu pai era avogado e os seus avós eran navegantes e armadores de ascendencia escocesa. Foi o maior dos 5 irmáns e os seus pais eran Pierre Verne e Sophie Allote de Fulle.

Viviu os seus primeiros anos nunha illa no río Loire. Vivir nun sitio illado axudouno a desenvolver a súa imaxinación. Foi un mozo rebelde e propenso a aventura. Dende moi pronto sente inclinación polas viaxes. Intenta fugarse nun navío cara a India cando só tiña 11 anos; o seu pai consegue detelo no mesmo barco e aplícalle un severo castigo: azóutao cun látego e encérrao a pan e auga. Pero o que máis lle doe é a promesa que se lle obriga a pronunciar: *"Nunca pretenderei viaxar máis que coa imaxinación".*

Logo de rematar os seus estudos no liceo, Verne marchou a París para estudar dereito. Arredor de 1848 en colaboración con Michel Carre, comeza a escribir libretos para operetas. Durante algúns anos dedicouse a escribir obras para o teatro, sen moito éxito e só consegue estrear sete das vinte e catro que escribiu, e tamén escribiu historias de viaxes para a revista *Musée des Familles*, nos que narra extravagantes viaxes e aventuras nos que achega detalles científicos e xeográficos para darlle verosimilitude.

Cando o pai de Verne descubriu que o seu fillo dedicábase a escribir e non a estudar, deixou de enviarlle cartos, polo que se viu obrigado a vivir como corrector de bolsa, que odiaba, aínda que tivo un certo éxito na súa actividade. Nestes anos coñeceu a Alexandre Dumas e Victor Hugo, que lle deron algúns consellos de como escribir. En 1852 decide consagrarse as letras, rexeitando a sucesión no bufete do seu pai. En 1859 viaxa por Inglaterra e Escocia, o que lle inspirou para escribir "Viaxe con rodeos a Inglaterra e Escocia".

E é en 1863 cando coñece a Pierre-Jules Hetzel, un dos máis importantes editores franceses do século XIX, coa axuda de Hetzel, Verne reescribiu unha historia xa escrita sobre unha exploración en globo en África e publicouno como *Cinco semanas en globo*, modificando o ton pesimista cara outro caracterizado polo optimismo. Verne converteuse en millonario e famoso. Antes de aparecer como libro as súas novelas, estas aparecían por entregas na revista de Hetzel, Magazine d'Éducation et de Récréation.

En 1864 volve a triunfar con "Viaxe ao Centro da Terra", e un ano despois con "Da Terra á Lúa". Faise membro da sociedade xeográfica a abandona definitivamente seu traballo na bolsa. No 1870, foi militarizado durante a guerra franco-prusiana como soldado gardacostas escritor, o que lle encantaba. Documentaba as súas aventuras e predixo acertando moitos dos logros científicos do século XX. Escribiu sobre foguetes espaciais, submarinos, helicópteros, aire acondicionado, mísiles dirixidos e imaxes en movemento, moito tempo antes de que apareceran.

En 1888 Verne decide participar activamente na vida política de Amiens, onde é elixido concelleiro. Durante quince anos desenvolve a súa actividade defendendo unha serie de melloras para a cidade.

Autor de máis de 80 títulos que foron traducidos a 112 idiomas. As súas obras foron levadas ó cine. En 1892 foi distinguido coa lexión de honor.
Tivo mala saúde e durante toda a súa vida sufriu ataques de parálise, era diabético e acabou por perder a vista e o oído. Foi agredido por un dos seus sobriños, que lle disparou un tiro deixándoo coxo. Falece o 24 de marzo de 1905 na súa casa de Amiens.

Aínda que moitos consideran a Xulio Verne como o pai da ciencia ficción, realmente el nunca quixo cultivar este xénero. Máis ben Verne é un autor de literatura científica, pero un autor que desexa facer accesibles ao público os novos coñecementos científicos e as súas admirables aplicacións técnicas, soñando que con iso acelerarase o progreso e a liberación da Humanidade. Nesa labor metade literaria metade divulgativa chega a anticipar cun acerto asombroso achados científicos e inventos que asombrarían ao mundo moito tempo despois da súa morte. Velaquí algunhas das anticipacións que atopamos na obra de Verne:

- *"Ante a bandeira":* armas de destrución masiva. - *"Robur o Conquistador":* helicóptero.
- *"Da Terra á Lúa", "Ao redor da Lúa":* naves espaciais.
- *"Unha cidade flotante":* grandes transatlánticos, monecas faladeiras.
- *"París no século XX":* internet, motores de explosión.
- *"20.000 leguas de viaxe submarino", "A illa misteriosa":* submarino, motores eléctricos.
- *"A illa misteriosa":* ascensor.
- *"O século XXIX": A xornada dun periodista americano no 2889"*, Xulio Verne albisca outros adiantos tecnolóxicos, como por exemplo medios para transportarse a 1.500 quilómetros por hora.

Tamén recoñécese a súa visión de anticipar futuros descubrimentos e eventos históricos: por exemplo:

- O descubrimento das fontes do Nilo *("Cinco semanas en globo").*
- A conquista dos polos (*"As aventuras do capitán Hatteras", "A esfinxe dos xeos", "20.000 leguas de viaxe submarino").*
- Gobernos totalitarios *("Os cincocentos millóns da Begún").*
- Viaxe á Lúa *("Da Terra á Lúa", "Ao redor da Lúa")*.

Máis non debemos esquecer o nexo de unión que ten Verne coa nosa terra, en concreto coa ría de Vigo e a enseada de San Simón. Verne recala en Vigo en xuño de 1878 e en maio 1884. A primeira debido a un temporal, de viaxe a bordo do seu iate Saint Michel III, atraca no porto e pasa na cidade catro días. A segunda parada debese a un fallo mecánico no mesmo iate, nesta ocasión tense constancia de que pasa na cidade un mínimo de tres días. Os talleres que reparan o seu iate son os de Antonio Sanjurjo Badía quen en 1898 inventa o submarino.

No libro "20.000 leguas de viaxe submarina", no capítulo VIII da segunda parte, chamado "A baía de Vigo", Xulio Verne narra como o Capitán Nemo falando co profesor Pierre Arronax conta un episodio da historia de Galicia do ano 1702, a "Batalla de Rande". Os tesouros que se atopan afundidos na enseada de San Simón pasaron a financiar as aventuras do capitán Nemo.

"[...] Homes da tripulación equipados con escafandros ocupábanse de inspeccionar toneis medio podrecidos, cofres escachados no medio de restos ennegrecidos. Das caixas e dos barrís escapábanse lingotes de ouro e prata, fervenzas de piastras e de xoias. O fondo estaba sementado destes tesouros. Cargados do precioso botín, os homes regresaban ao Nautilus, depositaban nel a súa carga e volvían emprender





CAMPIÓNS DO MUNDO DE XADREZ

CAPÍTULO IX

Por ALBERTO LAGO

BOBBY#FISCHER

Chicago 9 de marzo de 1943, Reikiavik 17 de xaneiro do 2008.

Naceu no seo dunha familia de emigrantes alemáns. Bobby non entrou no mundo do xadrez como neno prodixio. Os seus comezos foron dun desenvolvemento máis ben lento. Aos seis anos Fischer aprendeu en por si a xogar ao xadrez polas instrucións que viñan nun pequeno xogo que lle regalara a irmá. Á idade de sete anos uniuse ao club de xadrez de Brooklyn, onde o seu presidente, Carmine Nigro, se encargou persoalmente da súa formación.

Ata os 13 anos, Fischer asistiu á Erasmus Hall High School, pero deixaría o instituto sen graduarse. En 1956 a súa nai conseguiu que John W. Collins, titor doutros xogadores sobresaíntes, o aceptase como alumno. O seu ascenso á elite da competición foi moi rápido. Nese mesmo ano en Filadelfia conquistaría o título xuvenil gañando 8 partidas, empatando unha e perdendo outra.

Probablemente tiña un coeficiente intelectual de 187 e era antisocial. Disputou 9 veces o torneo Rosenwuald de Nova York no que se xogaba o campionato de Estados Unidos. Trala súa primeira aparición só puido gañar un par de partidas, pero nas súas restantes aparicións obtivo en todas o título nacional con polo menos un punto de vantaxe sobre o segundo clasificado. Bobby acudiu a catro olimpíadas de xadrez e nos seus enfrontamentos contra o equipo da Unión Soviética producíronse partidas extraordinarias. En toda a súa carreira xamais perdeu un "match". Derrotou ao filipino Cardoso en 1957 e en 1961 deixou un duelo con Reshevsky que quedou en empate por mor de desacordos cos organizadores. En 1970 disputouse en Herceg Novi (Montenegro) o torneo de partidas rápidas máis importante celebrado ata entón. Fischer obtivo o triunfo ao lograr 19 dos 22 puntos posibles contra rivais de primeira fila. En 1970 obtivo o primeiro lugar no "Torneo Interzonal Palma de Mallorca" no que gañou 15 das 24 partidas que disputou, as últimas 7 do torneo de forma consecutiva.

No ciclo de candidatos arroiou aos grandes mestres Mark Taimanov (soviético) e Bent Larsen (danés) por 6 a 0. Fischer derrotou finalmente ao excampión mundial Tigran Petrosian por 6,5 a 2,5 gañándose o dereito para enfrontarse a Boris Spassky polo título mundial (1972).

O encontro polo campionato do mundo de 1972 foi especial por diversas razóns, Bobby Fischer enfrontábase non soamente a un gran xogador senón tamén á maquinaria soviética. Botvinnik puxo a disposición de Spassky unha análise exhaustiva das partidas de Fischer; Bomdarevsky encargábase da parte técnica; Geller do repertorio de aperturas; Krogius da asistencia psicolóxica e Ivo Ney da posta a punto física do campión.

Spassky contra Fischer. O encontro do século.

O encontro con Spassky celebrouse en Reiquiavik. Foi visto tamén como un encontro político en plena "Guerra Fría". Fisher perdeu a primeira partida en enfrontamento limpo e a segunda por non presentarse. Parecía que Spassky retería o título para o xadrez soviético pero Bobby venceu na terceira. A cuarta partida foi táboas e dende a quinta impúxose rotundamente. Logo dun tenso desenvolvemento, Fischer venceu o seu rival tras 21 partidas (Spassky abandonou a partida decisiva mentres o seu adversario durmía no hotel) e coroouse campión mundial o 31 de agosto do 72 cun total de 7 partidas gañadas, 3 perdidas e 11 táboas. Foi o primeiro e único estadounidense en conquistar o título.

Este momento supuxo tamén a fin da súa carreira. Dende entón non volveu xogar ningunha partida oficial durante o seu reinado e, cando en 1975 tivo que defender o título fronte ao aspirante Anatoli Karpov, púxolle tantos requirimentos á FIDE que lle retirou o título por incomparecencia. Dende aquela e ata 1992 non volveu xogar en público e levou unha vida retirada.
Fischer foi sen ningunha dúbida un xogador excepcional. O seu xogo era impecable pois xogaba de maneira áxil e moi correcta. O seu estilo non é fácil de definir, pero, segundo os seus propios rivais, baseábase nunha combinación de enerxía e ambición de vitoria, precisión táctica, preparación teórica, firmeza estratéxica e confianza en si mesmo.

No 2005 Islandia concedeulle a cidadanía. No 2008 Bobby Fischer faleceu aos 64 anos dunha enfermidade renal

Por *OSCAR GIL*

No ano 1982 estrease Blade Runner, unha película que ten coma inspiración o libro de Philip K. Dick "Soñan os androides con ovellas eléctricas?" publicado en 1968, a dirección do filme estivo a cargo de Ridley Scott. É un filme de ciencia ficción, cyberpunk e cinema negro protagonizado por Harrison Ford, Rutger Hauer, Sean Young, Edward James Olmos e Daryl Hannah. O guión, escrito por Hampton Fancher e David Peoples.
A historia transcorre na cidade de Los Ángeles, en novembro de 2019, e relata coma Rick Deckard (Harrison Ford) é chamado do seu retiro para capturar catro replicantes, androides visualmente indistinguibles dos humanos adultos que teñen prohibida a súa presenza na Terra.
Toda a acción ocorre principalmente de noite, e asi, observar unha cidade de contrastes, entre as sombras e penumbras nocturnas ante as luces orixinadas nos neons e pantallas que poboan as rúas, isto crea unha atmosfera gótica e moderna.
Na cinta faise mención a unha serie de tecnoloxías que incluso dende a perspectiva actual resultan futuristas, como son a creación de órganos e seres sintéticos ou a
nanotecnoloxía, sen embargo, chama a atención o nivel tecnolóxico cando se refire á electrónica, moi superada actualmente.
Blade Runner recibiu críticas divididas da crítica tra-la súa estrea. Algúns críticos queixáronse do ritmo do filme, mentres que outros eloxiaron a súa complexidade temática. Ó ano seguinte da súa estrea, o filme gañou o Premio Hugo á Mellor Presentación Dramática. Nos cinemas norteamericanos non conseguiu unha boa recadación, pero dende entón pasou a estar considerado un filme de culto. Eloxiada polo seu deseño de produción, representando un futuro postapocalíptico e "retromodernizado", considérase un dos mellores exemplos do xénero *neo-noir*. Ridley Scott chegou a afirmar que *Blade Runner* era probablemente o seu filme máis completo e persoal.
Unha excelente creación, que mantén a sua esencia a pesar de de que transcorreron 35 anos dende o seu estreo, capaz de competir con os títulos mais recentes de efectos especiais criados por ordenador.
Por certo, o 10 deste mes estrease a súa continuación:

O CLUB DOS 27

Este é un club moi selecto de músicos que está aberto as vinte e catro horas do día, non ten porteiro que impida a entrada e tampouco se debe pagar consumo mínimo. Así é como se denomina un grupo de músicos que comparten unha singularidade: ter morto aos 27 anos.

CAPÍTULO V

KURT COBAIN

Por *ALBERTO LAGO*

Kurt Cobain naceu o 20 de febreiro de 1967 en Aberdeen, unha pequena localidade costeira no estado de Washington (Estados Unidos). Os seus primeiros anos de vida marcárono para sempre: o divorcio dos seus pais e algúns problemas que sufriu de violencia na escola. Todo ese sentimento de rifa atopou o seu lugar de descarga na música. Aos 14 anos comezou a tocar a guitarra, pasando horas tocando as súas cancións favoritas dos Beatles. Seus primeiros pasos no mundo profesional da música pasan por formar unha banda co seu amigo Kris Novoselic; á que chamarán Fecal Matter.

Uns anos máis adiante únese o baterista Chad Channing e danlle vida a Nirvana, un grupo dotado de enerxía rockeira, con influencias de lendas como Led Zeppelin e Pixies, entre outras.

Bleach, foi o primeiro paso, un disco que chamou a atención dos críticos e que foi fundamental á hora de darlle vida a un novo movemento musical. En 1991, xa con Dave Grohl na batería, Nirvana deulle vida a un dos traballos máis importantes: Nevermind. Vendeu máis de 30 millóns de copias e transformouse no emblema da xeración grunge, e o single Smells Like Teen Spirit convirtese nun mito.

O éxito de *Nevermind* levou a outras bandas, como Alice in Chains, Pearl Jam e Soundgarden, a maiores audiencias, e como resultado o rock alternativo convertese nun xénero predominante na radio e na televisión musical dos Estados Unidos durante os primeiros anos dos 90. Nirvana foi considerada a banda estandarte da Xeración X, e Cobain foi coroado, moi ao seu pesar, polos medios de comunicación como o seu portavoz.

A desconformidade de Cobain coa atención que lle prestaban os medios levouno a centrarse na música, crendo que a súa mensaxe e a súa visión artística fora mal interpretada polo público, desafiándoo co seu terceiro álbum de estudio, *In Utero*, aparecido en 1993.

Con In Utero, a banda tamén enfrentose á censura. Grandes almacéns como Kmart ou Wal-Mart negaronse a ter o álbum nas súas estanterías, alegando que títulos de cancións como "Rape Me" e o collage de fetos plásticos na contraportada do álbum eran moi "controvertidos" para cadeas "orientadas ás familias". Cobain loitou por reconciliar o éxito masivo de Nirvana coas súas raíces *underground*.

Nirvana con Kurt a guitarra.

Tamén se sentía perseguido polos medios e comezou a sentir resentimento pola xente que se declaraba seguidora de Nirvana e que negábase a recoñecer ou malinterpretaba os puntos de vista sociais e políticos da banda.

Fora como fora, a súa vida persoal é un desastre, durante os últimos anos da súa vida, Cobain loitou contra a depresión e a adicción á heroína. El tamén tiña dificultade para soportar a súa fama e imaxe pública e as presións profesionais e persoais de toda a súa vida. O oito de abril de 1994, Cobain foi atopado morto na súa casa en Seattle, víctima dunha ferida autoinflinxida na cabeza, aínda que oficialmente trátase dun suicidio tamén se fala dun posible asasinato.

SUECIA 1992

O país nórdico foi o encargado de organizar a Eurocopa. Como país anfitrión, Suecia estaba clasificada de antemán. Á cita acudiron tamén as seleccións de Inglaterra, Francia, Holanda, Alemaña e Escocia. Xunto a estes combinados nacionais estivo unha selección de estados independentes da desaparecida Unión Soviética (CEI). A selección de Iugoslavia conseguiu tamén a clasificación, pero o conflito bélico dos Balcáns propiciou a súa exclusión da competición. E é aquí cando chega o momento de Dinamarca.

Os daneses, cando xa preparaban as súas vacacións estivais, foron solicitados para ocupar a praza deixada polos iugoslavos. Ninguén apostaba por eles, con todo, deron toda unha lección de profesionalidade. Encadrados cos anfitrións e coas todopoderosas Inglaterra e Francia, os daneses, sen presión algunha, clasificáronse para as semifinais contra todo prognóstico. Un empate a cero goles ante os ingleses e unha vitoria fronte a Francia foi suficiente para pasar como segundos de grupo por detrás de Suecia.

No outro lado do cadro, Holanda, a vixente campioa, coa irrupción dun xenial Dennis Bergkamp, e Alemaña pasaron por riba de Escocia e do combinado de Exrepúblicas Soviéticas con facilidade.

Dinamarca fixera xa máis do esperado chegando a semifinais. Holanda era un rival demasiado potente, a priori, para eles. Pero a maxia do fútbol fixo a súa aparición o 22 de xuño de 1992 no estadio Nya Ullevi de Gotemburgo. Tras un empate a dous os penaltis decidiron. Dinamarca daba a gran sorpresa e eliminaba aos favoritos. Na final esperaba Alemaña, que se desfixo de Suecia por 2-3.

Entón chegamos ao 26 de xuño de 1992. A ansiada final. Alemaña e a sorprendente Dinamarca mediríanse co obxectivo de alzarse cun dos trofeos máis cobizados. O equipo danés, dirixido por Mø ller -Nielsen, estaba destinado para a gloria.

Comezado o partido, os daneses non se amedrentan ante o empuxe xermano. Jensen recibe un pase de Povlsen e dende a frontal pega un dereitazozo que se coa pola escadra da portería alemá. Aos daneses tocáballes sufrir, os alemáns adiantaron liñas para buscar o empate, pero a doce minutos para o final do partido, cáelle un balón a Vilfort, desfaise de Brehme e Helmer cun bo recorte, e coa esquerda, cruza o balón para poñelo lonxe do alcance de Bodo Illgner.

Apurando os últimos minutos, os daneses empezaban a sentirse campións. Entón soa o asubío final. Desatouse a tolemia, Dinamarca era a campioa, os xogadores chorando polo céspede. Ningún deles pensaba, só un mes antes, nin sequera unha semana antes, que o día 27 de xuño de 1992 espertaríanse como campións da Eurocopa. E é que o fútbol, como a vida, dá moitas voltas.

E.R.

SEIXOS PERFUMADOS

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

Paseaba bordeando o río mentres chegaba ata min o perfume de moitos e humildes seixos. Tratábase dun perfume intenso e case sublime. Atrás quedaran moitas horas de calado silencio. Mentres camiñaba unha fileira de sombras parecía perseguir a miña persoa, só que se trataba máis ben dunha mestura de fosforescencias e xogo de moita intensidade. Xa eran case as cinco da tarde e como unha especie de cerimonia do té fun convidado a degustar unha mestura de aromas e sabores. De modo que a cada sorbo parecía corresponderlle unha especial imaxe mental de todo canto acontecía á miña ao redor. As crisálidas ían abríndose e deste xeito o río perfumouse pola presenza de moitas e belísimas bolboretas que daban a impresión de pasar a noite nunha hospedaxe dun bosque case encantado. Todo isto ía acontecendo na memoria dos meus soños. E quizais para facerme volver ao presente para deixar atrás a viaxe cara a unha rexión do mundo infinito, fixei a mirada sobre un río calado. Pequenos e fermosos sexos parecían estar como feitos de luz, de modo que isto case me confunde, xa que non era factible descubrir algúns deles con corpos camuflados de iridescentes vagalumes. Como nun leito que estaba formado por pétalos de rosas e magnolias, que quixen entregarme ao descanso. Pero tratábase dunha noite moi especial xa que todo indicaba que alguén ía celebrar o encontro entre a fantasía e a tolemia, só que por esta vez parecía que as estrelas decidiran invadir o ceo con corpos de beleza e de luz. Entón coma se espertase dos máis hipnótico dos soños, abrín os ollos e dirixinos cara ao río. Unha fileira ben formada por sexos caladas e humildes parecían invadir por completo a paisaxe soaron entón acordes dunha vella canción de amor, e ao mesmo chegou ata min o perfume dun sen fin de seixos e a imaxe de moitas e variadas raparigas que acudiran á festa do silencio dos soños.

SOÑOS DE BENVIDA

Por *RICARDO DOCAMPO FERNÁNDEZ*

Acudín á cita coa puntualidade que me caracteriza, non necesitei ver a esfera do reloxo. Algo en min intuía que hoxe era un día onde o máxico ou marabilloso podían mesturarse nun magnífico cóctel, onde o resultado da bebida definitiva estaría acorde coas expectativas depositadas no catálogo de soños inconclusos. Tamén necesitaba beber e embriagarme de seda e fantasía; seda para a miña vestimenta e fantasía para unha pequena viaxe feita en autobús. Viaxe onde a paisaxe íase afacendo á pericia da mirada duns ollos máxicos, cuxa enerxía vibrante pugnaba por achar sentido aos múltiples matices de cor que se ían dando na paisaxe, configurando unha belísima pintura feita pola man experta dos deuses da natureza. Tentei beber a beleza, e ao chegar a contactar coa miña garganta o líquido inxerido, un pequeno habitante dos mares dirixiuse cara min cos brazos abertos coma se tratase de darme a benvida ao reino das mil e unha fantasías. Fixeime no seu diminuto corpo, sobre o seu peito levaba un colgante con símbolos totalmente descoñecidos por min. El faloume pausadamente e díxome que se trataba da oración ao Deus do soño. Non souben que argumentar. Só por unha forte e inexplicable razón quixen ser o dono dese máxico colgante, só que cando esta idea pasou pola miña mente, o colgante ao instante transformouse nunha chea de grises cinzas. Tratábase dun antigo gurú? A sensación era unha mestura de soño e medo. Cantos anos durara esta viaxe iniciática? E sobre todo, en que cemiterio de libros enterrar o tomo lido á luz de tantos soños riscados polo fastío? Quería espertar e resultábame imposible, pero, onde contraín a enfermidade do soño? Vin cara ao ceo, e infinidade de vehículos voadores estaban dispostos a trasladarme a paisaxes máis amables, pero todo quedou como suspendido polo fío da verdadeira maxia.

DEUSES E DEUSAS

Por *JAIME VIQUEIRA VEIRAS*

O galego non só é unha lingua, idioma ou fala. É, ante todo unha forma de ser e de entender a vida. Así mesmo, unha fonte de inspiración ante os problemas que se nos expoñen ao vivir neste lugar privilexiado.

Un recuncho do ceo, tan preto do paraíso, e é que en Galicia xuntábanse catro deuses (Cruña, Lucus, Ouro e Deusa da Ponte) e deixaron para sempre os seus fillos e fillas para que formasen familias boas, traballadoras, faladeiras, longas e tradicionais.

Os deuses, mulleres e homes ancestrais casaron. Por exemplo: Cruña con Lucus e a Deusa da Ponte con Ouro.

Cruña tivo oito fillos co deus Lucus, que foron: Ferrolo, Tambre, Carballo, Cee, Bergantiño, Campo de Estrelas, Noa e Caramiña.

E do matrimonio entre Deusa da Ponte e o Deus Ouro naceron uns cantos fillos e fillas como son: Vila de García, Alba, Lenda Redonda, Doa Vicus, Avelaíña (A garda do paraíso) e o pequeno deus Lalín. E o deus Ouro tamén doutro matrimonio, tivo tres pequenas fillas: Morea Ouro, Morea Verán e Morea Valdorras.

Estas familias de deuses, deusas e mailos seus fillos e fillas prantaron no paraíso a semente do traballo nunha terra fértil e lle deron unha lingua común para tódolos seus descendentes, que a día de hoxe xa somos millóns de persoas traballadoras, boas, tradicionais e fermosas coma o planeta. Endexamais servirán para esgotar a beleza deste recuncho verde coma a herba, azul do mar Tago, marrón coma a terra e branco coma as neves. Neves que traen o frío rexenerador da vida. Onde tamén temos o calor da queimada que nos fan no paraíso irmán de Portugal.

Somos galegos, galaicos e temos o galego. Falemos galego hoxe, mañá e no futuro. Faládeo. Grazas, e moito obrigado.